

As palabras grandes

II premio internacional de teatro Agustín González 2010

Rexistro da propiedade intelectual N° C-538-06 e N° C-7-2007

Personaxes

Lucho Moscoso

Nahuel Ortigueira

Valeria

Pitu Kowalski

Enzo Sardi

Tobías Fernández

Nai

ACTO PRIMEIRO

Unha noite de tormenta. Hai resplandores de relampos e o son do vento e a choiva azoutan a sala.

No escenario, baleiro e escuro, hai unha muller deitada. Xunto a ela un home novo. A muller¹, á que case non se pode ver na escuridade, fala con moito esforzo. O home acariña, tentando reconfortala, intentando inutilmente que descanse.

Nai

Non vaias.

Lucho Moscoso

Quero ir, miña nai.

Nai

Para que, Lucho? Alá xo non temos nada.

Lucho Moscoso

Quero saber por que... quero vingarme.

Nai

A vinganza non che devolverá ao teu pai.

Lucho Moscoso

Pero quitaríame esta angustia, miña nai. Tesme que dicir o seu enderezo.

A nai suspira.

Nai

Sería mellor que o perdoaras... Eu non puiden, pero se cadra ti...

Lucho Moscoso

Non o vou perdoar.

¹ Este personaxe debería ser interpretado pola actriz que represente a Valeria.

Nai

Dixéronme que marchou de Río de la Plata. Agora vive en Bos Aires. Xa pasou demasiado tempo... Por que non o esqueces? Pensa que neceches en Galicia. Non volvas á Arxentina.

As súas forzas decaen. Lucho dálle unha aperta. Acariña con tenrura.

Lucho Moscoso

Mamá, xúroche que se puidese evitalo non iría...

A nai asente e por fin decide darlle unha carta.

Nai

Nesa carta está o seu enderezo. Se vas alá dille que che conte o que eu non puiden contarche... pero é mellor que non penses vingarte. Ti non es así.

O mozo recolle o papel e asinte. A muller volve a deitarse. A tormenta intensifícase.

Faise un NEGRO.

(Nota) En función do espacio físico onde se represente a función o escenario deberá adaptarse ás circunstancias. O director de escena terá as súas propias ideas. Non me opoño a elas. Sen embargo exporei algunhas que considere no momento de escribir o texto. En xeral o espazo escénico debería espirse de fondos escenográficos, na procura dun fondo neutro sobre o que se moverán algúns elementos que conformen o espazo teatral. Ademais dos actores tres ou catro figurantes, vestidos con mallas negras, como se todos eles fosen unha máscara, farán as veces de transeúntes, colocarán unha luz nun curruncho para construír a rúa, moverán os demais elementos do decorado. Cando camiñan cun paraugas son un transeúnte, pero poden converterse en semáforo se a escenografía o require.

Do negro comezan xurdir os figurantes que van conformando unha rúa e un bar.

Un dos personaxes diríxese ao público falando nun ton vital. É Nahuel, un home que anda cerca dos sesenta anos.

Nahuel Ortigueira

Trece millóns de persoas colgan do tendal de Bos Aires. Un tendal tecido con fíos de prata que se entrecruzan, que se afastan... e que volven pedir contas. Os barrios, as beirarrúas. As rúas, están cheas de tipos que viñeron e xa non volveron máis. Están cheas de sol, de parques frondosos, de jacarandás e de paos borrachos. Están cheas de coches vellos e de ruído. Cheas de xente que morre por vivir, que morre por comerse a bocados o aire tépedo e húmido do Río da prata.

Nahuel semella sentir certa desconfianza, como se esas palabras lle recordaran algo. Daquela unha das sombras negras chámalle asasino. Nahuel xírase. Pero a sombra só é unha sombra. Outra voz chama desde outro lugar. Nahuel mira e non ve nada. Outra voz chega de onde está o público. Nahuel está aterrorizado. Vaise retirando mentres os gritos de asasino vanse escoitando cada vez máis espaciados.

Nahuel ocupa o seu lugar no bar, onde as sombras levaron algunhas cadeiras e mesas ou os elementos que as representan. Escóitase o murmurio do tráfico de Bos Aires, mesturado con algunhas voces que chegan de lonxe. Os presentes son Enzo Sardi, chamado o poeta, un electricista cheo de esperanza, Tobías Fernández, un taxista insolidario e Nahuel Ortigueira, o dono do bar que convértese no home triste que sempre vai ser.

Enzo Sardi

Pois o amor, que sei eu.

Tobías Fernández

Cala a boca, poeta, que sempre falas de máis... O amor non ten nada que ver co fútbol.

Enzo Sardi

Non? Estas seguro? Os xogadores teñen que entregarse aos compañeiros para acadar unha mesma meta... Non é certo?

Tobías Fernández

Si...

Enzo Sardi

Daquela o fútbol está feito de solidariedade, e como a solidariedade é a materia da que está feito o amor, se pode falar de amor como materia prima do fútbol.

Nahuel comeza a recoller as cadeiras para varrer o local.

Tobías Fernández

Escoitas a este tolo, Nahuel? Galiña tiña que ser.

Enzo Sardi

Galiñas non, millonarios. Chámannos “os millonarios de River Plate”.

Tobías Fernández

O amor... E ademais, quen carallo sabe de que está feito o amor?

Enzo Sardi

Quizais so se trata de ter fe...

Tobías Fernández

Eu so creo en Boca. En Boca Juniors. Non preciso ter fe para iso. Temos o estadio cheo de trofeos. Iso é puro amor, todo o demais é interesado... o demais é prostitución...

Nahuel que acababa de coller a vasoira deixa de varrer diante de semellante afirmación.

Nahuel Ortigueira

A modo! O amor pola túa nai tamén era interesado...? Non querías á túa nai?

Tobías Fernández

Claro que a quería, pero miña nai, que en gloria este, era de Boca... Sempre foi de boca.

Enzo Sardi

Se cadra dicíacho para que non sufriras, pero no mais profundo da súa alma sempre quixo casar cun millonario... pero apareceu teu pai, que non tiña onde caer morto e por iso era de Boca...

Tobías Fernández

Ata os meus avós, alá en Europa, antes de vir a Arxentina... xa eran de Boca antes de nacer.

Enzo Sardi

Qué che parece Nahuel? Aquí temos a un home cheo de convicción. Un home recto dos que precisa o noso país.

Tobías Fernández

Non me deas a lata agora co país, poeta, que sempre andas igual. Este país non ten remedio. Aquí todos andamos ao mesmo. A miña casiña, a miña vaquiña, a miña leiriña, e aos demais que os zurzan... Así nunca chegaremos a nada.

Enzo Sardi

Sempre quedará o fútbol...

Tobías Fernández

Si, niso teño que darche a razón, e mira que me amola...

Nahuel Ortigueira

Pero se todos os rapaces marchan a xogar a Europa cada vez máis noviños. Xa non vai quedar nin iso.

Tobías Fernández

Calquera día van fichar ós nenos por selección xenética, cando aínda estean nos ventres das súas nais.

Os tres calan uns instantes. A idea de perder ata esa última fronteira déixaos abafados. Nahuel volve á súa vasoira.

Enzo Sardi

Non lles serviría de nada, se eses nenos non se criaran aquí xa non xogarían como os nosos rapaces.

Tobías Fernández

Iso tamén é certo.

Enzo Sardi

Viches, Tobías? No fondo aínda cres na Arxentina.

Tobías Fernández

Mira, déixame de contos, Enzo. Eu vou ir marchando.

Tobías ponse en pe. Nahuel observa a rúa case valeira con xesto serio. Un par de sombras - persoas afástanse. Outra figura semella estar vixiando. É un home. Nahuel mira o reloxo. Semella estar preocupado.

Enzo Sardi

Aínda estamos a tempo de tomar outra copa.

Tobías Fernández

Ben se ve que non che está esperando a muller.

Enzo Sardi

Para que encerrar unha muller na casa se o mundo está cheo delas.

Tobías Fernández

Por é moito mellor escapar dela que andar a perseguilas... Ata mañá.

Enzo Sardi

Espera, home, espera que vou contigo... Ata mañá, Nahuel.

Nahuel Ortigueira

Chao.

Nahuel mira o seu reloxo e resolla. Colle o teléfono e marca un número. Escoita cheo de impaciencia mentres espera a que lle contesten.

Nahuel Ortigueira

Pero onde estás...? E por qué non contestabas...? Xa, non, pero estaba preocupado... Xa o sei, pero tiña medo que che puidera ter pasado algo... eu tampouco, pero como non dabas chegado... Claro que podes... podes chegar cando queiras, Valeria. Non é iso... Ben, desculpa, non quería... Ata agora.

Nahuel colga o teléfono tratando de tranquilizarse e acende o televisor con un imaxinario mando a distancia. Un xogo de luces e sombras aparece nunha parede.

Voz televisor

Cando Ileana estaba a piques de entrar na súa vivenda, descubriu, entre os periodistas que agardaban a súa chegada, que o propio Manuel estaba entre eles... Foron momentos de moita confusión. Manuel, ese home a quen tanto amara, ese home que tanto a fixera sufrir, o mesmo home que vendera aquelas famosas fotos por cento cincuenta mil pesos, e que aparecera en público moi acaramelado ca súa ex amiga Patricia Ulardi, ese home estaba agora diante dela con un ramo de flores na man. Qué debería facer? Ileana sufría porque unha parte da súa alma quería correr xunto a el e darlle unha aperta, alí mesmo diante de todos, pero ao mesmo tempo, o seu corazón rebelábase contra aquel...

Nahuel suspira mentres observa as sombras e escoita a voz que se vai perdendo ata desaparecer debaixo do vento que silva dentro da súa cabeza, un vento xélido e desolador. Nahuel comeza a chorar.

Pero o choro vese interrompido pola súbita entrada de un home novo, forte e cheo de vida, aínda que agora parece cheo de morte, que entra correndo polo patio de butacas e vai agochase detrás das mesas. Leva a roupa medio rota e non aparta o ollo da entrada do bar, como se temera que alguén entrara atrás del. Nahuel apaga o televisor e vai xunto a el.

Nahuel Ortigueira

Pasoulle algo...? Está ben?

Lucho Moscoso

Acaban de roubarme, viñan atrás de min.

Nahuel achégase á porta. Non hai ninguén.

Nahuel Ortigueira

Pois xa os despistaches. Queda tranquilo que ninguén che persegue.

Lucho Moscoso

Poden estar agachados na esquina, esperando a que saia.

Nahuel Ortigueira

Por qué ían facer iso? Non dixeches que xa che roubaran?

Lucho Moscoso

Si, pero escapei. Non crían que só levase cincuenta pesos. Aquí pensan que todos os galegos somos ricos.

Nahuel Ortigueira

De que parte de España es?

Lucho Moscoso

Xa llo dixen, son galego. Galego de verdade.

Nahuel Ortigueira

Ah, pensei que o dicías como...

Lucho Moscoso

Si, como nosoutros dicimos sudacas... Xa sei que galego é despectivo, pero son da Coruña e non me sinto insultado cando me chaman galego.

Nahuel Ortigueira

A Coruña... A miña familia era de por alá... Queres comer algo?

Nahuel afástase da porta e vai a buscar un bocadillo. Lucho achégase ao proscenio para ver se de entre o público aparece algún perseguidor.

Nahuel Ortigueira

A rúa está baleira. Mira o que queiras pero só vas ver fantasmas. Os que che levaron os cartos xa estarán a gastalos en calquera tugurio.

Lucho Moscoso (Volvéndose cara a Nahuel)

Pode darme algo de beber? Se só hai pantasma podería ser unha boa noite para confesar pecados.

Nahuel Ortigueira

Hai cousas que é mellor calar ata diante dos fantasmas.

Nahuel entrégalle o bocadillo. Lucho bebe a morro e come con ánsia.

Lucho Moscoso

Agradézollo... Hoxe tiven un mal día no traballo e cando saín comecei a andar... e cando quixen darme conta xa non sabía onde estaba. Levaba horas camiñando pero non sentía o cansazo. Só quería seguir... Ata que chegaron os tipos eses.

Nahuel Ortigueira

Como eran? Acórdaste de algo que poida identificalos?

Lucho Moscoso

Eran novos... tres ou catro. Alguén sacou unha navalla e cando a vin brillar púxenme moi nervioso... É estraño. Parece imposible pensar que a morte pode aparecer tan de súpeto como o reflexo de unha navalla. Sen embargo pode estar esperando por nos detrás dunha esquina, verdade?

Nahuel Ortigueira
Queres outra cervexa?

Lucho Moscoso
Si, gracias... Levo pouco tempo traballando en Bos Aires e non sabía que este barrio fose perigoso.

Nahuel vai pola cervexa.

Nahuel Ortigueira
Pois eu tampouco, se che digo a verdade non é normal que asalten á xente na rúa.

Lucho Moscoso
Chámome Lucho...

Nahuel obsérvao con curiosidade. O nome parece espertar o seu interese.

Nahuel Ortigueira
Lucho qué máis...?

Lucho Moscoso
Lucho Pita. Recórdolle a alguén?

Nahuel Ortigueira
Non.

Lucho ofrécelle a man e Nahuel apértalla.

Nahuel Ortigueira
...De nada, Nahuel Ortigueira.

Lucho Moscoso
Ortigueira... Ortigueira é unha vila moi bonita.

Nahuel Ortigueira
En serio?

Lucho Moscoso

Si, pero ese nome parece o presaxio dunha traxedia. Significa lugar cheo de ortigas, e as ortigas medran nos terreos sen cultivo, nos campos ermos... Van conquistando as casas que quedan abandonadas.

Unha rapaza doce pero demasiado chea de misterios entra no bar.

Valeria

Boas noites.

Valeria dedica unha ollada curiosa ao descoñecido antes de ser abordada por Nahuel que murmura algo con ela antes de volver con Lucho. Valeria dispónse a continuar a limpeza que abandonara o patrón.

Nahuel Ortigueira

Ben, espero que non leves unha mala impresión do noso barrio.

Lucho Moscoso

Levarei o recordo da súa axuda.

Nahuel Ortigueira

Tampouco lle deas tanta importancia. Hoxe por ti, mañá por min... E non me trates de vostede, fásme sentir aínda máis vello do que xa son.

Lucho Moscoso

De acordo... Se tivera cartos convidábate a tomar unha cervexa.

Nahuel Ortigueira

Agradézocho, pero xa íamos pechar... A estas horas a clientela decae moito. Antes era outra cousa, pero agora a xente que ten para gastar vai a outros lugares... Antes quedaba falando cos clientes despois de pechar, pero...

Valeria colle un par de cervexas e sérveas sen preocuparse do que poida dicir Nahuel, que a mira con receo antes de aceptar o convite.

Valeria

Agora xa non o fas nunca, e deberías facelo. Esta corre da miña conta. (Diríxese agora a Lucho) Levaches algunha ferida?

Lucho Moscoso

Fisicamente non... Quizás na alma poida quedarme algunha marca... Ti qué dis Nahuel?
Que fai máis dano unha ferida no corpo ou na alma?

Nahuel da un trago á cervexa sen dicir nada. O Pitu Kowalski, un mozo vestido de saltimbanqui, aparece na porta enredando con tres pelotas pequenas.

Nahuel Ortigueira

Pasa, neno. Dálle un bocadillo a Pitu, Valeria.

Pitu saúdao en silencio e dirixese ao fondo. Valeria afástase sen recibir ningunha atención de Lucho e vai servir a Pitu. Os dous murmuran mirando aos outros.

Lucho Moscoso

A ver, qué doe máis o corpo ou a alma?

Nahuel Ortigueira

Non o sei, non son médico, nin psicólogo...

Lucho Moscoso

Pero xa tes algúns anos, algo terás vivido que che permita opinar.

Pitu Kowalski

Viches, Nahuel, o galego estache chamando vello.

Lucho Moscoso

Parece que aquí todo o mundo come gratis. Cómo te amañas para sacar o negocio adiante?

Nahuel Ortigueira

Xa o cobrarei algún día... Hai que investir no futuro.

Lucho Moscoso

Iso é bonito, gústame esa frase.

Pitu Kowalski

Si pero non a inventou el, escoitoulla dicir a Enzo. Nos chamámoslle o poeta porque sempre di cousas así.

Lucho Moscoso

O malo de todas esas palabras grandes é que adoitan estar baleiras... Como moito cheas de aire.

Nahuel Ortigueira

As pequenas tamén están cheas de aire, pero podre, e só serven para envelenar o ambiente.

Lucho Moscoso

Tes razón, ademais feitos son amores e non boas razóns... E cadaquén ten que apandar co seu...

Pitu achégase, mirando con satisfacción a Nahuel que lle devolve un sorriso cariñoso e dálle unha palmada nas costas.

Pitu Kowalski (A Nahuel)

Que parvadas iría facendo o tipo para que alguén decidira sacarlle os cartos?

Valeria

Pode que non fixera nada.

Pitu Kowalski

Non o creo, seguro que levaba os billetes na man e ía falando con ese acento de galego parvo que ten o pobre.

Lucho Moscoso

Crees que neste país, todos recibimos o que merecemos?

Os arxentinos apupan esas palabras.

Pitu Kowalski

Sen faltar, galego, que xa vos votamos fora unha vez, eh...

Lucho Moscoso

Non quería ofender, podería ter dito neste mundo en vez de este país.

Pitu Kowalski

Ás veces as leva o que non as merece, pero convén non parecer parvo porque a ese vanlle todos ao lombo... se parece un come hostias cáenche por todas partes.

Nahuel Ortigueira

Iso chámase filosofía urbana de primeiros auxilios, se precisas consello antes de saír de paseo non tes máis que falar co noso Pitu, que é un fenómeno.

Lucho Moscoso

Si, estou aprendendo moito esta noite.

Nahuel dálle unha palmada nas costas. Pitu incha o peito cheo de satisfacción polos afagos. Lucho termina o bocadillo e ofrece un brindé. Os outros chocan as bebidas.

Pitu Kowalski.

Chámome Pitu Kowalski, se volves a ter algún problema na rúa di que es amigo meu, e se precisas algunha cousa pódeme atopar no baldío de Irigoyen. Pregúntalle a calquera. Por aquí todos o coñecen. Acórdate, Pitu Kowalski.

Lucho Moscoso

Aínda que non o creades, levo un bo recordo deste barrio. Deica logo.

Todos

Chao, galego.

Cando Lucho xa está na porta Pitu vai xunto a el e saca unhas moedas do peto.

Pitu Kowalski

Veña, galego, hoxe déuseme ben o día. Toma para un taxi, non che vaian roubar tamén a camisa.

Lucho colle os cartos, pero non os garda.

Lucho Moscoso

Dásmo de verdade? Os seis pesos de merda polos que levas todo o día xogando o pescozo nos semáforos?

Pitu Kowalski

E logo? Xa chos din, non? Se che fan falta...

Lucho cólvelle a man, péchalla sobre os cartos e marcha sen dicir nada máis.

Pitu Kowalski

Estes galegos están medio tolos.

O bar escurécese mentres as sombras retiran as cadeiras e lúa ilumina a Lucho que se afasta polo patio de butacas. Camiña sen temor aos ladróns, cavilando, ulindo ese aire húmido do río da Plata. Saca a chaqueta medio rota e tíraa no chan. Detense a respirar, é un home confundido. Arranca de novo chamando a un taxi e desaparece nunha escuridade que se apodera de todo.

Na escuridade, unha luz descubre a Lucho que, de novo no escenario, está deitado durmindo un sono inqueda. Repentinamente esperta agoniado., berrando. Érguese da cama e conta o seu pesadelo ao público. Durante o monólogo, unha sombra trae unha cadeira de rodas sobre a que senta Lucho. A sombra paséao. Despois escoitamos unha forte treboada.

Lucho Moscoso

Son un inválido. Vou nunha cadeira de rodas. O meu corpo deforme está torto por unha parálise que me impide moverme. A saliva escorre polos meus beizos dándome o aspecto de un babilolo. Como nunca puideren falar, todos cren que son un atrasado. Non podo sorrir, non podo sinalar. Se intento falar só se escoita un gruñido que entristece á miña nai, por iso, aínda que comprendo o que pasa ao meu redor, levo anos calado. Miña nai lévame a pasear pola beirarrúa da carreteira todos os días. Sempre vexo o mesmo paisaxe e as mesmas casas da aldea na que vivimos, mentres os coches pasan de largo, como as nubes. Pero agora vexo deterse un coche. Un coche descoñecido do que baixa unha moza. Quero dicirlle á miña nai que me leve a xunto dela, pero a miña gorxa só produce un ruído de can doente, incomprendible para calquera menos para min. O ceo escurece. Ponse negro como unha toupa. Cego. A rapaza está de costas e non lle podo ver a cara. Teño medo de que empece a chover e miña nai me leve para a casa.

Daquela comeza a sarabiar, pero non é unha sarabia calquera. Caen unhas pedras enormes, como as que escoitei dicir que caen as veces na pampa. Algunhas son como laranxas. Teño medo de que unha laranxa me rompa a cabeza, pero a primeira que me golpea cáeme nunha man, e despois do impacto, aínda que doe, podo movela. As pedras seguen golpeando por todo o corpo e os músculos comezan a obedecer. Por primeira vez na vida podo poñerme en pe. Nese momento unha pedra cáeme na cabeza e sinto un dolor terrible que me permite falar. Abro a boca e berro como un tolo, pero no estrépito da treboada, non se escoita a miña voz. Daquela esperto, mollado polo suor, berrando como un desesperado, intentando levantarme da cama, pero unha parálise provocada polo soño me impide moverme.

*Lucho escapa e a sombra marcha empurrando a cadeira de rodas.
A luz apágase e volve o NEGRO.*

Cando volve a luz volvemos estar no bar de Nahuel. Tobías Fernández e Enzo Sardi beben e falan. Nahuel cala, atendendo a unha sombra e esperando un motivo para deixar de esperar. Valeria mira á rúa como a muller do mariñeiro mira ao mar, pero só ve algunha sombra de deambula sen rumbo.

Enzo Sardi

Este é un ano de invernos Tobías, tampouco hai que darlle voltas. Xa virá outro con dous veráns.

Valeria vai cara a rebotica a cambiar as cousas de sitio.

Tobías Fernández

Non sei, poeta. E si Maradona estaba equivocado, e se Deus non é arxentino. Non che da medo pensalo?

Enzo Sardi

Deus é tan arxentino como o sol da nosa bandeira.

Tobías Fernández

Pois se chega a ser brasileiro mandábanos as sete pestes...

Enzo Sardi

Vivimos acovardados. Temos tanto medo ao futuro que queremos a recompensa inmediatamente, como os nenos pequenos.

Tobías Fernández

Ti tes moita paciencia, poeta, pero eu teño máis medo que paciencia. Hai que apurar porque isto volverá a ir ao carallo en calquera momento.

Enzo Sardi

As cousas chegan co tempo, hai que investir no futuro.

Na porta do bar aparece Lucho Moscoso. Leva unha botella na man e outras dúas nunha caixiña. Antes de falar da un bo grolo.

Lucho Moscoso

Vaia, ti tes que ser o poeta.

Enzo Sardi

E ti serás o galego. Mira Nahuel, xa che volve a crecer a clientela.

Nahuel Ortigueira

E logo, que milagre te trae outra vez por aquí?

Lucho Moscoso

Apetecíame devolverche o convite do outro día.

Nahuel Ortigueira

Non fai falta devolver nada, home.

Lucho Moscoso

Trouxen un pouco de malbec de Mendoza.

Tobías Fernández

Nese caso tampouco hai que facerlle un feo ao galego.

Enzo Sardi

Veña, Nahuel, vide á mesa. Sentádevos con nos.

Lucho vai sentar con eles. Nahuel imítao levando os vasos e un sorriso. Valeria, que ía volver ao bar, descubre a Lucho e entra de novo na rebotica a colocarse a roupa mentres os outros brindan. Mírase mírase nun espello sen atreverse

a mostrar o seu corpo. Intenta poñerse guapa pero non está conforme coa súa imaxe. Sobe a saia para mostrar as pernas, pero despois a baixa aínda máis do que a levaba antes e senta na rebotica sen atreverse a saír.

Fora, os homes beben como sempre beberon os homes.

Nahuel Ortigueira

Daquela vas estar destinado aquí moito tempo?

Lucho Moscoso

Espero que non, pero depende do tempo que tarde en poñer as cousas en orden.

Tobías Fernández

É resúltache moi complicado?

Lucho Moscoso

No, a ver... o complicado para min é o país... Non consigo saber se a xente di o que pensa ou intenta engarguelarme...

Enzo Sardi

Pero en qué traballas?

Lucho Moscoso

...Son enxeñeiro, traballo para telefónica...

Enzo Sardi

Vaia, daquela igual es o meu xefe, eu traballo nunha empresa que foi absorbida por telefónica hai poucos meses. Son electricista.

Enzo ofrécelle a man. Lucho, tras un instante de dúbida, apértalla antes de lanzarse de novo ao viño, do que vai tirando durante toda a conversa.

Tobías Fernández

Por iso sempre quere traer un pouco de luz as conversas, non sabes?

Lucho Moscoso

Xa me gustaría que todos fixeran igual. Teño a impresión de que neste país hai moitos que prefiren deixar as cousas a escuras.

Enzo Sardi

Iso será porque o coñeces pouco.

Lucho Moscoso

Ou porque non me importa chamarlle polo seu nome aos mentireiros.

Tobías Fernández

A modo galego, eh, non vaia ser que volvas ter un problema.

Lucho Moscoso

Aquí ninguén quere abrir as fiestras para que entre aire fresco. Este país ule a podre.

Tobías bótase contra el e Luchoponse en pe disposto a emprender unha pelexa, pero Enzo e Nahuel interpóñense e agarran a Tobías por un brazo para impedir que o sangue chegue ao río.

Nahuel Ortigueira

Veña, veña, haxa calma. Parece que non tes moi bo viño... Nos axudámosche cando tiveches un problema, xa non acordas?

Valeria sae da rebotica e Lucho parece tranquilizarse ao vela. Valeria queda de pe escoitando a conversa.

Lucho Moscoso

Tes razón... E que aquí non teño con quen falar e... a verdade é que alá tampouco... Meus pais morreron e os amigos teñen os seus propios problemas... Non vou chamar a outro continente para comentar os roces do traballo.

Enzo Sardi

Veña, desafoga o que queiras, galego. Fala mal de nos que tampouco nos vas esburatar unha tripa por iso.

Nahuel Ortigueira

E ademais seguro que algo de razón tes. Isto está cheo de ladróns e de caciques.

Lucho Moscoso

Se no fondo falades peor do voso país vosoutros que eu.

Tobías Fernández

Pero é o noso... non é o mesmo.

Lucho Moscoso

Claro, por iso bástavos con dicir nunca máis e esquecervos para sempre... e cando eu digo que a rúa está chea de tipos cas mans cheas de sangue todo o mundo cala... Víchelo. Toda esa xente é responsable do que pasou hai tan pouco tempo. Non sabedes que metendo a cabeza debaixo da terra non se amaña nada?

Enzo Sardi

Pero con contos de taberna tampouco se amaña unha cousa como esa. Qué fixeron en España cos franquistas?

Lucho Moscoso

Daquela é mellor pechar os ollos?

Tobías Fernández

Veña, galego. Que saberás ti diso?

Lucho Moscoso

Sábelo ti? Acaso mataron a alguén da túa familia...? E da túa, poeta...?

Os dous negan baixando a cabeza, como se esa falta de vítimas persoais os igualara ao estranxeiro.

Lucho Moscoso

E ti, Nahuel? Ti tampouco tes nada que dicir?

Nahuel Ortigueira

Todos sufrimos a represión, galego. Os inocentes e os culpables.

Lucho Moscoso

Pois a min paréceme que algúns aproveitáronse mentres os demais sufrían.

Nahuel Ortigueira

Algúns sufriron máis que outros, desde logo. Os que perderon aos seus fillos, aos seus pais, aos seus irmáns... Pero os demais tamén sufriron, todos sufrimos polo que pasou naqueles anos.

Lucho Moscoso
Qué perdiches ti?

Nahuel Ortigueira
Perdín a miña muller.

Todos calan. Lucho queda pasmado diante desa noticia que os outros xa coñecían. Mira ao poeta e a Tobías que asenten en silencio. Valeria vai á mesa e despois de lanzarlle unha mirada lánguida comeza a recoller os vasos.

A luz desaparece. NEGRO.

Unha tribo de sombras xuvenís irrompe no escenario, transformando o bar no baldío de Irigoyen, cheo de sombras e resplandores de lumaradas. Os mozos rin, beben. Escóitanse músicas de festa.

Lucho Moscoso aparece camiñando con dificultade sustentado pola súa botella, da que segue bebendo. De entre un grupo de sombras aparece a figura coñecida de Pitu Kowalski.

Pitu Kowalski
Qué fas aquí, galego?

Lucho Moscoso
Gústame camiñar e acabei aquí de casualidade.

Pitu Kowalski
Queres que che rouben outra vez ou andas buscando que che rompan os dentes?

Lucho Moscoso
A verdade é que me estraña que ninguén me botara nun pote.

Pitu Kowalski
Non creo que viñeras de casualidade. Ti andas buscando algo.

Lucho Moscoso
Busco o meu camiño, Pitu, pero a noite é tan escura que só atopo sombras.

Lucho ofrécelle a botella a Pitu, que non dubida en collela e darlle un bico apaixonado antes de devolverlla.

Pitu Kowalski

Viñeches detrás de Valeria, non é certo?

Lucho Moscoso

Valeria? Quén é Valeria?

Pitu Kowalski

Víchela a outra noite no bar. Non dirás que non che pareceu guapa?

Lucho Moscoso

Nin sequera reparei nela.

Pitu Kowalski

Daquela non viñeches ao barrio buscando compañía? Non sabías que está cheo de bares de putas?

Lucho Moscoso

Non tiña nin idea.

Pitu Kowalski

E cómo te amañas, galego? Ti non es de aquí. Tes que botar a faltar onde soltar o carallo a monte.

Lucho Moscoso

Daquela Valeria é puta?

Pitu Kowalski

Pero ti estás tolo? Pareceuche unha puta?

Lucho Moscoso

Non, pero tampouco entendo moito de putas.

Pitu Kowalski

Non, home non, ela axuda no bar. O de Nahuel é un bar normal... Daquela que andas buscando? Non entendo.

Lucho Moscoso

E ti porqué estás aquí? Por qué non estás na casa cos teus pais?

Pitu Kowalski

Non me gustan as casas nin os pais.

Lucho Moscoso

Seguro que teu pai está preocupado por ti.

Pitu Kowalski

O único que lle preocupou sempre ao tolo Kowalski é atopar a seguinte botella.

Lucho Moscoso

E túa nai?

Pitu Kowalski

Miña nai... Esa si que era puta... pode que leve morta moito tempo. Xa nin recordo a súa cara.

*Pitu colle de novo a botella de mans de Lucho e da outro golo. Lucho imítao.
Nun dos grupos hai un pequeno tumulto, dous forcexan. Algúns marchan.*

Lucho Moscoso

A verdade é que si andaba buscando algo. Poderíasme axudar?

Pitu Kowalski

Se o hai eu podo proporcionarcho. Qué queres, cocaína?

Lucho Moscoso

Non, quero unha pistola.

Pitu Kowalski

Para que carallo queres unha pistola, galego.

Lucho Moscoso

Non quero que volvan roubar-me.

Pitu Kowalski

Andas bravo esta noite.

Lucho Moscoso

Podes?

Pitu Kowalski

Tes cartos?

Lucho Moscoso

Claro. Teño algo para a pistola e algo para ti.

Pitu Kowalski

Veña, galego. Imos agora mesmo.

Os dous marchan perdéndose na noite como dous gatos solitarios fugazmente unidos por unha teima común. Unha ambulancia berra desde moi lonxe, o quizais se trata de un coche policial que se afasta buscando lugares máis seguros. As lumaradas escurécense como apagadas por unha choiva.

NEGRO.

Volve a luz. No bar todo está recollido. Nahuel está preparándose para pechar. Na rúa aparece agora Lucho. Leva na man un ferro que as veces refulxe na escuridade. Observa a Nahuel como os gatos observan aos ratos antes de saltar sobre eles. Cando xa parece que vai ir na súa procura, Valeria sae do bar e espera a que Nahuel peche a porta. Lucho detén os seus pasos.

Valeria

Qué che parece se hoxe non imos para a casa?

Nahuel Ortigueira

E onde imos ir a estas horas?

Valeria

Non sei. Podemos ir a pasear por Corrientes e a tomar unha copa. Non che apetece facer nada?

Lucho apunta agora coa súa pistola. Nahuel mira a Valeria cun sorriso e dálle unha aperta.

Nahuel Ortigueira

Teño bastante con estar contigo.

Valeria suspira e dálle un bico cariñoso. Cando se separan e comezan a camiñar Lucho vai tras deles apuntando a Nahuel, pero finalmente baixa a pistola, incapaz de disparar, e desmonta o gatillo. Nese momento, Nahuel detense e mira atrás, pero Lucho queda amparado nas sombras, fora do alcance da mirada do outro.

Valeria

Qué pasa, qué miras?

Nahuel Ortigueira

Non sei. Tiña a sensación de que alguén viña atrás de nos.

Valeria

Ninguén nos fai caso, papá. Estamos solos. Quén ía querer seguirmos?

Nahuel non ten respostas. Limitase a mirar á escuridade e como efectivamente non ve a ninguén, continúa o seu camiño acompañado por Valeria.

Lucho sae das sombras e observa como se afastan antes de marchar na dirección contraria.

NEGRO.

ACTO SEGUNDO

O bar de Nahuel non é o de todos os días cando Valeria chega a facer a súa rolda. Tobías berra a súa desgracia diante do silencio de Enzo e Nahuel.

Tobías Fernández

Non hai dereito! Xa estou farto de este país! Este mundo é unha merda! Había que facer unha revolución! Pero unha revolución de verdade. Había que queimalo todo e non deixar pedra sobre pedra.

Valeria non parece demasiado impresionada polas queixas.

Valeria

E logo que pasou, Tobías?

Tobías Fernández

Qué pasou? Toda a vida traballando para isto...

Enzo Sardi

Que o botan do taxi, nena. Que queda sen traballo.

Valeria

Pero se aínda es novo. Xa atoparás outro traballo.

Nahuel Ortigueira

Iso lle dicíamos nos.

Tobías Fernández.

Qué queredes que faga agora? Levo máis de vinte anos conducindo para ese vello... ¡E mira como mo paga! Qué van facer os meus fillos? Quen lles vai pagar os estudos?

Enzo sardi

Non se pode ver todo do revés. Se te empeñas en mirar cos ollos dun condenado non vas saír adiante.

Nahuel Ortigueira

Ten razón Enzo, Tobías. Non podes baixar a cabeza. Veña, imos tomar algo por aí os tres, e as penas que vaian a tomar vento.

Enzo Sardi

Claro que si, veña, Tobías.

Tobías Fernández

Pero convidades vos, eh...

Nahuel Ortigueira

Veña, levanta de aí, despois queres que non te chamen lerchán.

Os tres saen deixando a Valeria soa no bar. A rapaza comeza a dispoñer as cousas ao seu gusto cantaruxando sen moito entusiasmo ata que remata co pouco traballo que hai que facer. Daquela suspira e queda pasmada, lánquida.

Lucho entra no bar.

Lucho Moscoso

Boas tardes. Non está Nahuel?

Valeria

Non, acaba de marchar con Tobías e máis o poeta... Se apuras de seguida os alcanzas.

Lucho mira na dirección na que ela lle sinala pero non se move.

Lucho Moscoso

Xa volverán. Podo esperalos aquí... se non che importa.

Valeria

Qué queres tomar?

Lucho Moscoso

Nada, paréceme que xa bebín dabondo a última vez... Chámaste Valeria, verdade?

Valeria

Chamo, si.

Lucho Moscoso

O primeiro día estaba tan alterado que case nin te vin.

Valeria volve a limpar. Lucho observa con agrado os seus movementos e a súa forma de camiñar.

Valeria

E o segundo estabas tan borracho que mellor que non me viras...

Lucho Moscoso

Tesme que perdoar. Normalmente cando vexo unha muller coma ti non me pasa desapercibida.

Valeria

Daquela ves moitas como eu?

Lucho Moscoso

Tampouco quería dicir iso.

Valeria

Poderías dicirme exactamente qué clase de muller son?

Lucho Moscoso

Diferente.

Valeria

Ben, galego. Xa vas mellorando... A primeira vez tiñas unha cara de espanto que daba medo. Pensei que che pasara algo terrible. Tanto aprecio lle tiñas aos cincuenta pesos?

Lucho Moscoso

No sexas mala.

Valeria

Por qué non? Para un día que podo meterme con alguén e pasar un bo momento...

Lucho Moscoso

Se é por iso podo vir todos os días.

Valeria

Tampouco corras tanto, non vaias a afociñar.

Lucho Moscoso

Teño que confesarche unha cousa.

Valeria

Pois dálle. Son todo oídos xordos.

Lucho Moscoso

Pensaba que eras máis tímida.

Valeria

Só cando estou calada.

Lucho Moscoso

E falas moito?

Valeria

Qué era o que tiñas que confesar?

Lucho Moscoso

A verdadeira razón pola que estaba tan alterado, aos cincuenta pesos tíñalles aprecio, pero só por diversión, non era un amor verdadeiro.

Valeria

Arranca, galego.

Lucho Moscoso

Pois iso precisamente... aínda que todos me chamades galego, o certo é que nacín no Río da Plata... Por iso este país emocióname como ningún outro. Miña nai levoume vivir á Coruña cando tiña dous anos, e síntome tan galego como calquera... pero ao vir aquí non sei o que me pasa.

Valeria

E trouxeches á túa nai?

Lucho Moscoso

Non, morreu... Morreu hai pouco.

Valeria

Síntoo moito. Xa escoitaches o outro día que miña nai tamén morreu, pero eu perdina cando era moi pequena, nin sequera a recordo... E teu pai?

Lucho Moscoso

Tamén morreu. El morreu aquí, antes de que marcháramos.

A nostalxia deses pais perdidos amordaza os seus sentimentos. Os dous míranse coa certeza de comprender as súas inquedañas.

NEGRO.

A luz trae un novo bar, pero é un bar diferente, de mala nota, onde as sombras andan á procura de compañía bailando entre o fume e a música. Aínda que distraídos as veces polo camiñar de unha moza de pouco recato, Enzo Sardi, Tobías Fernández e Nahuel Ortigueira, bailan, falan, beben e botan as mans aos cus que lles pasan cerca. Tobías agarra a unha moza e sen falar nin mirarlle a cara aberta nela con deleite.

Enzo Sardi

Di a verdade, Tobías. A que xa te sentes un pouco mellor.

Tobías Fernández

Xa cho direi mañá, que agora estou ocupado.

Enzo Sardi

Polo menos agradécello a Nahuel. Non ves que conseguiu que se che pasara o desgusto... e agora o que anda un pouco murcho é el...

Nahuel Ortigueira, efectivamente algo melancólico, sorri botándolle o ollo a unha rapaza que pasa xunto a eles.

Tobías Fernández

Iso é porque Nahuel é un home serio, non un trangalleiro coma ti. Verdade, Nahuel?

Enzo Sardi

Non, home non. Ben se ve que lle pasa algo.

Tobías Fernández

A ver, É certo o que di este sacamoas?

Nahuel Ortigueira

Non... Non sei, estou un pouco preocupado por Valeria. Véxoa un pouco estraña comigo. Paréceme algo distante. Sempre estivemos tan unidos...

Tobías Fernández

Pero ti estás medio parvo ou que che pasa? Pero se está clarísimo, home.

Nahuel non entende do que lle fala o taxista. Enzo tamén está a expectativa.

Tobías Fernández

De verdade non sabes o que lle pasa á túa filla...? Pois que non ten mozo e anda medio doente.

Nahuel Ortigueira

Pero ti que dis, ho?

Tobías Fernández

Pois que lle ferve o unto, Nahuel. Que anda máis quente que unha burra. Que ten máis necesidade de poñerse a catro patas que unha porca de envorcallarse na lama un día de moito calor.

Nahuel, que quedara tan pasmado que non era quen de reaccionar, lánzase ao pescozo de Tobías. Enzo consegue agarralo antes de que a auga chegue ao río.

Nahuel Ortigueira

Serás fillo de puta.

Enzo Sardi

Non llo tomes así, Nahuel, que non cho di por mal.

Os homes, postos en pe, seguen forcexando como se estiveran a bailar unha estraña milonga alcohólica entre a indiferencia do público e das prostitutas.

Tobías Fernández

Se é unha boa rapaza, home. Pero está na idade. Non entendes?

Nahuel Ortigueira

Pero queres calar de unha vez?

Enzo Sardi

E que ti tampouco queres entender, Nahuel.

Nahuel Ortigueira

Pero que coño queres que entenda?

Enzo Sardi

Que por limpa e bonita que lle poñas a gaiola, o paxaro quere voar.

Nahuel, comprende por fin que os amigos non tratan de burlarse del. Tobías faille un xesto a unha moza para que se achegue. A rapaza consegue que Nahuel deixe a aperta dos homes e comece a bailar con ela.

Nahuel Ortigueira

Valeria

Os outros afástanse deixando á puta facer o seu traballo.

A prostituta convértese en Valeria e por efecto da luz e o son o antro transfórmase nun xardín frondoso. Os paxaros cantan e o sol brila.

Valeria

Bailo co meu pai, estamos nunha sociedade antiga, chea de xente que cantaruxa seguindo a música. É o final da primavera pero o xardín hule xa a verán. Meu pai non pode bailar máis e vai descansar nun banco. Algunha muller vai facerlle a rosca, pero el só ten ollos para min. Sigo bailando sola e os que están na pista fan un corro para mirarme. Encántame saber que todos están pendentes dos meus movementos. Bailo como nunca se bailou antes. Os meus pes, máis que pisar, flotan pola pista. Todos os rapaces queren bailar comigo, pero hai un, un mozo algo tímido, co que me apetece bailar a min. Vou cara a el. O mozo comprende que é o elixido, pero un sono terrible apodérase del, facéndoo caer nunha cama que hai xunto a pista, completamente durmido. Toda a xente está pendente de min. Comezan a aplaudir compasadamente para animarme a que o esperte cun bico. Achégome a el pero cando vou bicalo vexo que, recollidas xunto ao seu corazón, as súas mans esconden unha pistola. Todos seguen batendo palmas, animándome para que o bique, todos menos o meu pai.

Valeria marcha. O sol desaparece. A luz cambia e os paxaros enmudecen. Estamos nun cuarto de hotel. Lucho, que parecía durmir, senta na cama. Observa a pistola que ten collida na man como se fora a súa propia extremidade. Murmura insultos incomprensibles e deixa a arma. Retorce a cara debaixo dos dedos de unhas mans que son como garfos.

Lucho Moscoso

A puta nai que a pariu...

Lucho ponse en pe camiñando como un can engaiolado.

Lucho Moscoso

Merda, merda, merda... Quén coño lle manda...?

A luz vai desaparecendo mentres el segue dando voltas e voltas.

NEGRO.

Volve a luz ao bar de Nahuel. Valeria varre mirando para a rúa. Nahuel recolle e de cando en vez mira á súa filla. Enzo e Tobías rematan as súas copas e póñense en pe para marchar.

Enzo Sardi

Ben, pois aí vai outro día. Non é, Tobías?

Tobías Fernández

Iso parece, si.

Enzo Sardi

Até mañá.

Todos se despiden. Tobías e Enzo páranse na porta mirando ao ceo, xa no exterior do bar. Un transeúnte que pasaba pecha os eu paraugas e segue camiñando.

Enzo Sardi

Parece que imos ter sorte, xa non chove... Igual ti tamén a tes e tampouco che despiden.

Tobías Fernández

A min non me apetece comprar o taxi, entendes? Así que non é cousa de sorte... Vou quedar na rúa e nada máis.

Tobías encolle os ombros e comeza a andar, pero Enzo agárrao para que non marche.

Enzo Sardi

Pero cómo que comprar? Non quedaremos en que che botaban fora?

Tobías Fernández

Home, como quen di, si.

Enzo Sardi

Qué significa exactamente como quen di?

Tobías Fernández

Pois que o vello retírase e vende o coche coa licencia, entendes? E quere que lla compre eu.

Enzo Sardi

Pero daquela non te despide.

Tobías Fernández

Pero iso que máis ten? Eu son un empregado. Fago un traballo e me pagan. Xa está... Non quero máis complicacións, que ben chega con aguantar aos clientes.

Enzo empeza a facer xestos e Nahuel achégase a ver que ocorre.

Enzo Sardi

Escoitas, Nahuel? Resulta que non o despiden. O vello retírase e quere venderlle o taxi.

Tobías Fernández

Quita, quita. Eu non me quero meter en préstamos nin en historias. Non ves que teño moi mala sorte? Seguro que se lle compro a licencia soben a gasolina... ou que sei eu... E ademais eu só non podo traballar as vinte e catro horas.

Nahuel Ortigueira

Pois contratas a alguén.

Tobías Fernández

Pero ti sabes o que é ter empregado a un taxista? Para que leve aos clientes sen baixar a bandeira e se quede cos cartos todos. Veña home, veña. Como se eu non coñecera aos taxistas, ¡miúdos fillos de puta!

Enzo Sardi

Visto desa maneira... xa che vou comprendendo.

Tobías Fernández

Isto é unha vergonza, home. Toda a vida traballando para que despois che dean a patada cando lles pete... Ves ou qué?

Os dous homes marchan. Nahuel queda mirando para eles un momento antes de volver ao bar.

Enzo Sardi

Vou, pero paréceme a min que iso non se pode chamar despido...

Tobías Fernández

Agora tamén es experto en sindicalismo?

Enzo Sardi

Dígocho porque a intención do vello non é deixarte sen traballo.

Tobías Fernández

Ti con tal de levarme a contraria, es capaz de calquera cousa.

Os dous pérdense. Nahuel vólvese cara á súa filla que limpa mecanicamente algún trebello que termina no chan con gran estrépito. Valeria intenta poñer orde cando comeza a chorar. Nahuel vai axudala a recoller.

Nahuel Ortigueira

Pero que che pasa, Valeria?

Valeria

Nada, non me pasa nada.

Nahuel Ortigueira

E por iso choras, porque non che pasa nada?

Valeria

Pois pode ser.

Valeria afástase do seu pai e continúa limpando. Nahuel míraa preocupado.

Nahuel Ortigueira.

Levas máis dunha semana medio pasmada, mesmo se che caen as cousas das mans...

Valeria

Terei máis coidado, non te preocupes.

Nahuel Ortigueira

Non é iso, Valeria. Dígocho porque teño a impresión de que andas un pouco triste.

Valeria, que levaba un pano no cinto, comeza a fregar con el enriba dunha mesa.

Valeria

Cómo queres que ande se despois das clases teño que vir correndo para atender un bar que sempre está baleiro?

Nahuel Ortigueira

Non está tan baleiro, e a clientela non anuncia cando vai vir. O bar ten que estar disposto.

Valeria

Son a máis vella do curso, papa... Cómo queres que acabe a carreira se o tempo que me deixan libre as clases o paso aquí traballando...? A estudar non me da tempo, pero ir dar unha volta con alguén... Iso xa nin pensalo.

Nahuel Ortigueira

E logo con quen queres ir?

Valeria

Con calquera, qué máis da iso?

Nahuel agarra as costas con xesto dorido.

Nahuel Ortigueira

Daquela qué queres que faga, que peche o bar? As costas estanme a matar. Eu só non podo levalo... Parece mentira que non teñas respecto ningún polo teu pai.

Valeria

Non me falta respecto por ti, papá. O que me falta e aire.

Nahuel Ortigueira

Aire, si. O que che falta son ganas de traballar, e eu estou todo o día pendente de ti para que non che falte de nada.

Valeria

Papá, teño de todo menos do que necesito.

Nahuel Ortigueira

Es ben desagradecida. Para iso levo toda a vida partíndome o lombo. Tería que facerche traballar o dobre, a ver se comprendías o que levo feito por ti.

Valeria

Fixeches o que che deu a gana, que eu nunca che pedín nada.

Nahuel Ortigueira

Non che quero volver a escoitar unha palabra máis.

Valeria

E qué vas facer se falo? Vasme atar os dentes con unha corda?

Nahuel Ortigueira

Cala a boca ou non volves á universidade.

Valeria

Falarei todo o que me dea a gana. Non es quen para impedirme nada. Mañá irei á facultade á miña hora, o que non está tan claro é se vou vir axudar neste bar de merda.

Valeria arríncase o mandil e lánzao polos aires xunto co pano. Sae do bar con xesto airado mentres Nahuel recólleos do chan. A luz esvaece e Nahuel refúxiase nas sombras do televisor.

Valeria camiña sen saber onde vai, pero de seguida descubre a Lucho, que está esperando por ela na rúa. O rostro dos dous ilumínase como unha festa. Achéganse e saúdanse con un bico. Valeria mira ao bar para comprobar que Nahuel non está pendente dela.

Lucho Moscoso

Qué tal estás?

Valeria

Ben. Ía dar un paseo. Viñas a ver ao meu pai?

Lucho Moscoso

Pois en realidade non... Desde que falamos o outro día tiña ganas de volver a verte... Así que... Vin verte a ti...

Valeria sorrí e cala, gozando ao escoitar esas palabras, pero volve a mirar ó bar como se a proximidade do seu pai lle impedira aproveitar o momento.

Lucho Moscoso

Paréceche ben?

Valeria

Eu estou igual.

Lucho Moscoso

Igual de qué?

Valeria

Esperaba que chegara este momento, pero...

Lucho Moscoso

Pero non chamaches, nin...

Valeria achégase e dálle un bico apaixonado que Lucho devolve con ansia.

Valeria

Non deixaches o número nin o enderezo, paspán. Qué querías? Que chamara a telefónica pedindo que me pasaran co galego...?

Lucho Moscoso

Tes razón... pero non se me ocorrera pensar que ti tamén quixeras verme.

Valeria bícao de novo.

Valeria

Tiña máis ganas de verte que de abrir os ollos polas mañás... Cando estaba en clase non podía atender ás explicacións porque só vía a túa cara sobre o negro do encerado.

Lucho contáxiase de inmediato desa febre que ela desborda. Apértaa e colléndoa da man comeza a camiñar.

Lucho Moscoso

Lévame a coñecer Bos Aires.

Valeria

Coñeces Palermo Soho?

Lucho Moscoso

Se o coñecese, seguro que hoxe parecíame distinto.

Os dous marchan correndo como nenos en brinquedo e a triste rúa de barrio convértese nunha alfombra roxa que leva ao ceo.

Entran nun local no que sona música de baile. Outros rapaces gozan bailando e rindo. Cambian de local, cambian de luz e de imaxes proxectadas no fondo, pero a alegría e a animación continúan. Beben e bailan. Bicanse e camiñan. Ao final desaparecen xuntos por un lateral.

NEGRO.

Volve a luz ao bar de Nahuel, que fai algo detrás da barra. Tobías Fernández está na mesa de sempre. Enzo Sardi anda inquieto e non se acomoda en parte algunha. Non só é o home alegre que coñecemos. As veces os seus pensamentos o levan a lugares escuros, como no que agora se atopa, lonxe dos seus compañeiros que permanecen nun segundo plano, medio aletargados, como se eles fose noutras das sombras que pululan polo escenario. Enzo diríxese ao público.

Enzo Sardi

Qué dirían de min se o souberan? Seguirían compartindo a miña mesa e as partidas de truco? Seguirían falándome...? Non o fixen por mal. Tiven medo. Calquera podería facer o mesmo que eu, se estivese no meu lugar. Era novo e non vía máis alá do meu desexo. Nin me daba conta do que ela sentía. Claro que eu fixera promesas, pero quen non as fíxo? Todos xuramos algunha vez un amor eterno que esvaece ca saída do sol... Cando lle prometín que casaría dicíao en serio, estaba tolo por ela, ou pode ser que

estivese tolo por conseguila, porque uns meses despois só pensaba na súa veciña... Cómo ía pensar que lle daría tanta importancia ao que ela me entregou? Á súa perda como ela dicía... Se cadra toleou porque tiña que tolear. Se cadra tería toleado igual se eu non a tivese deixado como a deixei. Non o fixen por mal. Eu pensei dicirllo de boas maneiras, pero tiven medo de que seguise pensando en min, de que seguise esperando para casar comigo. Non quería facela sufrir e pensei que si me vía na cama ca outra perdería o respecto dun só golpe, que me desterraría do seu corazón, pero nunca crin que puidera facer o que fixo. Podería ter casado con outro, eu non tiña que ser o seu último home, só era o primeiro... Se non tivese empezado a beber daquela maneira e se non fora traballar naquel prostíbulo de miseria... Eu non tiven a culpa diso, eu so lle fixen ver que non estaba tan namorado como ela pensaba, só quería que empezara a voar pola súa conta, non quería romperlle as alas. A min dábame medo a súa obsesión, por iso non quixen ir vela, non pensaba que fora a facer o que fixo. Como ía eu pensar que se mataría naquel manicomio de merda?.

Enzo continúa cavilando. Valeria sae da rebotica un pouco despois. Non parece a muller lánquida de sempre. Hoxe semella ter moita máis vida recorréndolle as veas.

Tobías Fernández

Solidariedade... Qué queres que che diga, meu neno? Non sei que andarás cavilando, Enzo, pero cada quen defende o seu. Iso é o que hai... O que lle pase aos outros é problema deles... Eu esmendrélleme de risa cando me falan de solidariedade. Sempre cha nomean para sacarche os cartos, Imaxinas ir a un banco a pedir cartos por solidariedade? Garantías non teño, señor banqueiro, pero pódolle deixar en prenda toda a miña solidariedade.

Valeria ri o broma. Nahuel está pendente dela e tamén sorri.

Nahuel Ortigueira

Niso tes razón. Non creo que dera moito resultado, non.

Tobías Fernández

E cando nos falan a nos de solidariedade...? Xusto antes de meternos a man no peto. Veña, home, veña, os impostos págaos ti se queres, Enzo. Eu mentres poida non penso dar un peso.

Valeria

Daquela non poderás queixar de como anda todo.

Tobías Fernández

Podo, claro que podo. É o único que nos queda. Se tampouco podemos queixarnos... daquela si que non paga a pena o esforzo de abrir os ollos polas mañás.

Valeria

Iso non é un esforzo. Desde que cambiou o tempo a min encántame abrir os ollos polas mañás.

Nahuel Ortigueira (Suspica)

Si, este mes, todo é sol, mesmo parece que nin lúa hai.

Valeria (Precavida)

Porque me dixeches que me deixarías librar para preparar os exames...

Nahuel Ortigueira

A ver agora que ven o eclipse, se che afecta ou non.

Enzo, que seguía dando voltas como un sarillo, detense como se decidira algo.

Enzo Sardi

Xa está ben. Non aguanto máis.

Tobías Fernández

Xa ía sendo hora que empezaras a comprender as cousas... Se queres explícoche a maneira de non dar un peso, o que podes...

Enzo Sardi

Estou farto de traballar para os xefes.

Os outros escoitan a declaración con certa perplexidade.

Enzo Sardi

Qué che parece se imos a medias?

Tobías Fernández

A modo, ho. Queres facer unha empresa de electricistas?

Enzo Sardi

Non, eu poño a metade dos cartos para mercar o taxi e fago a outra quenda?

Tobías Fernández

Estasme tomando o pelo?

Nahuel Fernández

Ten coidado co que dis, Enzo. Pensa que o tráfico en Bos Aires é moi violento. Se cadra co teu carácter non podes facer ese traballo.

Enzo Sardi

Se non podo con tráfico haberá que cambialo, pero xa está decidido.

Valeria colle unha botella e convida aos presentes, disposta a facer un brindé.

Valeria

Isto hai que celebralo.

Lucho aparece na porta do bar. Nahuel decátase de seguida da súa presenza.

Nahuel Ortigueira

Mira quen anda aí. O galego de Mar del Plata. Brinda connosco que estamos de celebración.

Lucho, xúntase con eles, recibindo un vaso de Valeria, que non manifesta maior proximidade con el do que mostrara anteriormente.

Lucho Moscoso

E qué celebramos? A perda da memoria?

Tobías Fernández

Que o poeta quere dar un paso adiante e xuntarse comigo para traballar no taxi. Se queres entrar ti tamén podemos facer quendas de oito horas.

Lucho Moscoso

Síntoo pero tiven que vir precipitadamente e non puideron facer o curso de conducción temeraria.

Enzo Sardi

Veña, galego, non te pases que tampouco conducimos tan mal.

Lucho Moscoso

Todo o contrario, tedes que conducir de marabilla para esquivar a todos os psicópatas e chegar vivos á casa... Pero eu paso tanto medo nos taxis que non o dou apreciado.

Valeria

Ala, papá, pásádeo ben... podes ofrecerlle o posto de camareiro ao galego, igual che renovaba a clientela... Pero non lle fagas caso que é un renegado.

Valeria dálle un bico a Nahuel e marcha.

Nahuel Ortigueira

Por qué dicías o de celebrar a perda da memoria?

Lucho Moscoso

Sabedes a historia do príncipe ladrón...? Era o príncipe do reino máis próspero da terra, pero non atopaba satisfacción nas súas riquezas. Así que unha noite vestiuse de home común, mesturouse coa xente, e elixindo entre os seus súbditos a un dos máis febles e desamparados, golpeouno e desvalixouno nun descampado. Gustoulle tanto a experiencia que comezou a repetila cada noite. Os febles e os desamparados xa non podían durmir, porque as noticias de roubos e malleiras estendíanse por todos os currunchos. Era tanto o medo, que o pobo estaba cada vez máis feble e máis desamparado... ata que unha das vítimas recoñeceu ao príncipe ladrón e denunciouno. Daquela os súbditos subleváronse contra el, pero cando ían linchalo nunha praza, pediu clemencia e conseguiu entenrecer a alma do verdugo, que se detivo, esperando a opinión do pobo alí congregado. Nese momento comezou un gran terremoto e todo o reino quedou do revés. A conmoción foi tan grande que todos asustáronse moitísimo. Creron que o terremoto era unha consecuencia do seu intento de aforcar ó ladrón, así que esqueceron as súas falcatruadas e fundaron unha república... Desde aquela dormen tranquilos crendo que non volverá a haber terremotos.

Nahuel Ortigueira

E que foi do príncipe?

Lucho Moscoso

Consegui un alto cargo no goberno e algúns din que converteuse nun bo político... pero outros xuran que seguiu fiel ós seus costumes e continuou roubando ós desamparados todas as noites da súa longa vida.

Enzo Sardi

E ti que cres?

Lucho Moscoso

Creo que os verdugos necesitan un corazón de pedra e que os terremotos xorden para espertar aos pobos durmidos.

Tobías Fernández

Desde logo, galego. Ti es peor que o poeta. Mira que falades unhas cousas que non hai Deus que vos entenda. Toma un viño e cala, anda...

Nahuel Ortigueira

E só viñeches falarnos desa historia tan interesante?

Lucho Moscoso

Vin despedirme. Xa case rematei o que vin facer aquí e vou pasar uns días en Mar del Plata. Quero recuperar algo dos meus orixes antes de volver a Galicia.

Nahuel Ortigueira

Tes familia por alá?

Lucho Moscoso

Non, se quedaba algunha familia, miña nai rompeu toda relación con ela ó marchar a Galicia.

Enzo Sardi

E por qué faría unha cousa así?

Lucho Moscoso

Quizás quería esquecer isto para poder durmir tranquila... Ben, teño que marchar. Só parei a saudar un momento porque collíame de camiño.

Lucho sae do bar deixando aos outros cavilando.

Tobías Fernández

Este ten máis voltas que un muíño de vento.

Nahuel Ortigueira

Eu creo que lle gusta Valeria.

Enzo Sardi

Tes razón, marcharon case xuntos pero con disimulo.

Tobías Fernández

Pois deberías ter coidado, Nahuel. Que estes galegos pensan que o mundo e deles.

Nahuel Ortigueira

Xa oíches que pronto marchará de volta a Europa. Non é perigoso... Queredes a baralla?

Os outros valoran positivamente a opinión de Nahuel e afirman en silencio dispostos a botar unha partida de truco.

NEGRO.

O flash de unha cámara compacta ilumina a silueta de Valeria e Lucho Moscoso. Hai varios flashes con diferentes posturas.

Cando volve a luz vemos que están a facerse fotos xunto a un home lanza o anzol da súa cana de pescar cara ao público. Escóitanse os sons da auga do río. Están diante do río da Prata xunto ó “aeroparque”. O ruído de un avión aterrando inunda o espacio. Despois de algunhas fotos con bicos e posturas chistosas, Lucho vólvese cara ó río.

Lucho Moscoso

Pois non parece de prata. Parece un río de lama.

Valeria

Non o imaxinabas así?

Lucho Moscoso

Non... Imaxinaba un río de augas brillantes, cheo de reflexos de... no sei...

Valeria

Máis grande?

Lucho Moscoso

Non, máis grande non... Se non se ve a outra beira. Nos ríos de alá sempre ves a outra beira.

Valeria

Daquela gústache?

Lucho Moscoso

É como ver o mar.

Valeria

E eu? Gústache?

Lucho Moscoso

Claro que me gustas. Qué pregunta é esa?

Valeria

Teño medo, Lucho.

Lucho, máis pendente del mesmo que de Valeria, ignora o seu último comentario.

Lucho Moscoso

Tes que dicirlllo ao teu pai.

Valeria

Teño medo.

Lucho Moscoso

De qué tes medo?

Valeria

De ser demasiado feliz e perder a felicidade.

Lucho Moscoso

Para iso é mellor non vivir... Vivamos agora e xa nos preocuparemos do futuro máis adiante... Vasllo dicir?

Valeria

Meu pai sempre ve con malos ollos a calquera rapaz que se achega a min...

Lucho Moscoso

Daquela que fas? Fodes as agachadas con todos?

Aínda que as mans de Lucho non se moveron, Valeria sinte unha labazada.

Lucho Moscoso

Tes que dicírllo. Se che quere terá que aceptalo, e se non o acepta será porque non merece o teu respecto...

Valeria

É o meu pai, galego. Qué queres que faga?

Lucho Moscoso

Quero que deas a cara, Valeria. Non me gusta agocharme. Se podes contrariar a súa vontade deitándote comigo, tamén poderías facelo para dicírlle a verdade, non che parece?... Pero en serio que non había outro sitio onde poñer un aeroporto?

Outro avión se achega. O son ameaza con arrasar toda traza de esperanza do aire húmido do río da Plata e do rostro pálido, enchido de tristeza, co que Valeria observa a Lucho sen poder contestar.

NEGRO.

Pitu Kowalski é iluminado por un raio de luz concentrada. Xunto a el, unha das sombras dietada no chan, durmindo, roncando. Iluminada por outro raio de luz.

Pitu Kowalski

A Nahuel non lle faría iso... se é que fixen algo por non facer nada. El me dera a vida, é certo, pero tamén íama quitando a golpes un día tras do outro. Xa estaba farto de malleiras. Un día rompérame unha perna... e o nariz unha chea delas, e a miña nai xa non che digo, que por moi puta que fora, tampouco tiña dereito... Despois queixábase porque marchara con aquel italiano miserento. Máis ca el non había bater nela, polo menos iso... Se chego a espertalo seguro que me daba unha tunda por ter escapado cos

meus amigos. Ademais doume medo. Respiraba como un cuxo enfermo, con aquel bandullo de boi deitado, caído para un lado. Cando empezou a vomitar doume medo, non sabía o que lle pasaba, non entendía aquel ruído estraño, de burbullas quentes, aqueles estertores de afogo. Non me movín, pero porque era el, se fose outro tería axudado. Se fose Nahuel, intentaría darlle a volta, para que o líquido caéralle da boca. Pero a el non. Non fixen nada. Quedei mirando como o Tolo Kowalski ía calando, porque cando non afogaba tampouco falaba moi ben, co seu acento de can sempre semellaba estar vomitando. Quedei mirando ata que quedou quieto dunha vez, porque así nunca máis volvería a pegarme.

A sombra do chan deixa de convulsionarse e Pitu volve as sombras das que saíu.

NEGRO.

A luz volve ao bar de Nahuel que xa está baleiro. Só queda o dono que se dispón a recoller antes de pechar. Pitu chega co seu espírito saltimbanqui de sempre.

Pitu Kowalski

Xa ías marchar? Cría que pechabas máis tarde.

Nahuel Ortigueira

Pasa, neno, pasa.

Nahuel vai coller o bocadillo e entrégallo a Pitu que comeza a comer ca mesma fame de sempre.

Nahuel Ortigueira

Qué queres? Valeria xa non me axuda...

Pitu Kowalski

E iso... Non lle pagabas bastante?

Nahuel Ortigueira

Non, non é polos cartos...

Pitu Kowalski

E logo por qué?

Nahuel Ortigueira
Cousas de pais e fillos...

Pitu Kowalski
Daquela non me meto. Entre pais e fillos sempre hai demasiada merda e non quero que me salpique.

Nahuel Ortigueira
Se eu fora o teu pai non che deixaría levar esas pintas de mendigo que levades os rapaces...

Pitu Kowalski
A min gústame vestir así.

Nahuel Ortigueira
E ademais non tes un pai para mirar por ti.

Pitu Kowalski
Gústame vivir como vivo, cos meus compañeiros...

Nahuel Ortigueira
Daquela non estarías disposto a amañar un pouco esas pintas que levas?

Pitu Kowalski
¡Nunca! Nunca na vida. Ti non sabes o ben que estamos no almacén novo. É máis grande que a fábrica que tiraron... E facemos cada festa...

Nahuel Ortigueira
E que, como Valeria xa non quere traballar no bar, estaba pensando en coller a alguén, pero claro... Os camareiros teñen que levar chaqueta.

Pitu Kowalski
Pois terás que seguir buscando porque a miña forma de vestir é sagrada. Prefiro morrer antes de poñer unha chaqueta.

Nahuel Ortigueira
Xa me parecía.

Pitu Kowalski

Vaia parbada... Unha chaqueta. Tes cada cousa, Nahuel...

Nahuel Ortigueira

Pensei falar co fillo do carnicero... Non é mal rapaz. Non che parece?

Pitu Kowalski

Non... un pouco paspán...

Nahuel continúa recollendo mentres menea a cabeza apreciando os comentarios de Pitu Kowalski.

Nahuel Ortigueira

Pero como sempre anda ben amañado non tería que facer sacrificio ningún.

Pitu Kowalski

E, e canto tempo tería que pasar no bar a persoa que contrates?

Nahuel Ortigueira

Desde as sete até a hora de pechar.

Pitu Kowalski

Home, se cadra tampouco é tanto sacrificio...

Nahuel sorri antes de que a escuridade se apodere da escena mentres os dous comezan a recoller xuntos.

NEGRO.

O cuarto de Lucho, aínda que máis escuro que a outra vez, semella máis luminoso. Lucho está sentado na cama co torso espido. Valeria entra, envolta nunha toalla, falando mentres seca o pelo despois de darse unha ducha.

Valeria

A verdade é que non sei se estou sendo xusta con el.

Lucho Moscoso

Sábelo perfectamente.

Valeria

Daquela por qué non podo gozar desta vida?

Lucho vai xunto a ela e faille agarimos mentres fala. Ela é receptiva pero volve a ser a muller nostálxica.

Lucho Moscoso

Cúlpaste inxustamente. Cúlpaste por ser feliz, por ser nova, por gozar do momento...

Valeria

O momento... Os fillos son inxustos. Pensan e gozar do momento e deixan aos pais morrer de pena recordando. Por moi ruíns que sexamos, sempre seguen a vernos como os nenos que fomos, inocentes e desamparados.

Lucho Moscoso

Valeria, ti non es inxusta, nin tampouco es un xoguete. É normal que queiras acabar a túa carreira. É normal que queiras saír con amigos e ter unha vida propia.

Valeria (Afastándose del)

Despois de todo o que fixo por min? Agora que precisa a miña axuda no bar teño que darlle as costas? Iso é o normal? Iso é o que ten que facer unha filla?

Lucho Moscoso

Ese é o problema, Valeria. O comportamento de Nahuel contigo parécese máis ó de un amante que o dun pai.

Valeria

Non o entendes. El tivo que facer de pai e máis de nai.

Lucho Moscoso

Pero compórtase como un carcereiro.

Valeria

Intentas afastarme del?

Lucho Moscoso

Só levamos xuntos dous meses, pero parécese que é o que necesitas...

Valeria

Vou deixar de verte.

Lucho cala. escoita o silencio para asegurarse de non ter escoitado unha alucinación. É imposible que ela dixese o que acaba de dicir. Pero Valeria comeza a poñer as prendas que estaban no chan sen miralo. Lucho intenta achegarse a ela de novo pero comprende que ela non llo permitiría.

Lucho Moscoso

Pero... Iso non... Vaste así?

Valeria

Eu non podo vivir só o momento. Hai lazos máis fortes. Non o entendes?

Valeria sae do cuarto de Lucho deixándoo perdido no escenario, un escenario no que comprende, repentinamente, que sen ela é imposible encher ese espacio baleiro.
NEGRO.

O bar de Nahuel. Enzo e Tobías están na mesa de sempre. Nahuel achégase a servir outra copa a Enzo, que semella estar algo deprimido.

Nahuel Ortigueira

Non queres outra, Tobías?

Tobías Fernández

Non, xa vou coller o coche.

Nahuel Ortigueira

E logo qué, Enzo? Non che foi ben a mañá?

Tobías Fernández

Non hai queixa... Fixo unha boa caixa.

Nahuel Ortigueira

Daquela que che pasa?

Enzo Sardi

Nada, cousas do taxi...

Tobías Fernández

Non fagas caso. Non lle pasa nada... xa o coñeces. Vou ir indo que o coche só non traballa.

Tobías sae do bar. Nahuel segue a mirar a Enzo en espera dunha resposta.

Nahuel Ortigueira

Seguro que non queres falar diso?

Enzo Sardi

Paroume en Callao un cliente que quería ir ao aeroporto de Ezeiza con moita presa. Daquela torzo por Santa Fé para coller a autopista desde o nove de Julio e o tipo me pregunta se non sería mellor ir por Puirredon. Eu pensaba que non pero, como aínda non estou seguro, paso moitos nervios cando empezan así. O caso é que lle digo que non, que por alí iamos moito mellor, que confíe na miña profesionalidade e esas trangalladas... e o tipo cala. Pero cando chegamos ao obelisco me encontro cun atasco de mil diaños, e empeza rosmar. Que se os taxistas sempre fan igual, que se o levaba por alí para cobrarlle máis... E eu cada vez máis nervioso. Non sei que pasaba que había unha manifestación ou algo así e non se movían os coches. Así que xa me ves a min meténdolle a roda a todo o mundo e aproveitando o menor curruncho para colarme. Quería demostrarlle ó tipo que non pretendía estafalo, non sabes?

Nahuel Ortigueira

E por iso estás apesarado?

Enzo Sardi

Daquela apareceu unha ambulancia ca sirena posta. Algún conductor deixoulle pasar pero a maioría nin se movía. O fulano tiña que adiantar tocando a bucina e facendo xestos aos conductores. Eu vía polo retrovisor e parecíame increíble, ata que chego atrás de min no momento xusto en que diante se abría un oco para meter un coche, xusto cando o semáforo estaba cambiando a roxo. E sabes o que fixen eu?

Nahuel Ortigueira

Aceleraches e pasaches ti.

Enzo da outro grolo da súa copa e asinte baixando a cabeza.

Enzo Sardi

Foi o medo, Nahuel. O medo a perder o que cremos noso convértenos en asasinos.

Nahuel Ortigueira

Veña, poeta... Tampouco mataches a ninguén.

Enzo Sardi

E si a ambulancia levaba a alguén cun infarto e pola miña culpa chegou tarde ao hospital? Matar non só consiste en facelo coas propias mans...

Nahuel volve a encher o vaso de Enzo e utiliza o de Tobías para tomar el mesmo unha copa.

NEGRO.

O son de autos nunha avenida. A luz descubre as sombras camiñando. Valeria avanza entre elas. Se non estivera tan sola por dentro percibiría as persoas e os coches que a rodean. Pero para ela só son sombras e sons de tráfico, voces de murmurios e pasos de pantasma que se escoitan pero non ve.

Detense para sacar unha fotografía do seu bolso. É unha das fotografías que fixera con Lucho fronte ao río da Prata.

Valeria

Un río de lama...

Valeria acariña a imaxe de Lucho chea de morriña. Despois cambia o xesto e parece que vai gardala pero non pode. Finalmente dálle un bico e volve en dirección contraria á que viña mentres garda a foto no bolso. Pero de seguida perde a seguridade no seu paso e volve a deterse maldicindo para os seus adentros.

Valeria

Un río de lama...

Valeria dá a volta outra vez e continúa camiñando na mesma dirección que ó principio da escena.

NEGRO.

Cando volve a luz ten un estraño color alaranxado. Pitu Kowalski leva posta unha chaqueta negra por riba das súas roupas de saltimbanqui. Observa o sol a través

dun cristal escuro desde a porta do bar de Nahuel. A luz crepuscular e alaranxada semella estar a piques de abrir as portas da noite. Lucho chega camiñando pola rúa sen facer caso da extraordinaria circunstancia celeste. Pitu ofrécelle o cristal a Lucho.

Pitu Kowalski

Toma, galego. Non queres ver o eclipse?

Lucho Moscoso

Prefiro que brille o sol.

Pitu Kowalski

Iso preferímolo todos. Pero non todos os días se pode ver un eclipse.

Lucho Moscoso

Xa levo demasiado tempo a escuras, Pitu.

Lucho entra no bar seguido de Pitu Kowalski que, para sorpresa do galego, vai situarse detrás da barra.

Pitu Kowalski

Queres tomar algo?

Lucho Moscoso

Non, só viña a saudar... pensei que esta era a quenda Valeria.

Pitu Kowalski

Agora é a miña, pero podes esperar por ela. Sempre pasa por aquí cando volve da universidade. Adoita chegar destas horas. Pensaba que xa o sabías...

Lucho Moscoso

Obrigouche Nahuel a poñer a chaqueta?

Pitu Kowalski

Nada diso, púxena porque quería cambiar un pouco de estilo. Non podo?

Pitu volve cara a porta para mirar esa luz alaranxada.

Pitu Kowalski

Pois eu estou namorado desta luz... Coma ti.

Lucho Moscoso

Xa che dixen que a min non me gusta.

Pitu Kowalski

Coma ti non o dicía pola luz, se non polo de namorado... Xa che deron a patada?

Lucho Moscoso

Non che entendo.

Pitu Kowalski

Ó principio todo vai ben, pero de seguida aparecen os celos e alguén se atopa cun corazón partido en dous.

Lucho Moscoso

O meu corazón está enteiro.

Pitu Kowalski

Xa vexo... Lévalo na man... pero o rastro de sangue chega ata o río da prata.

Lucho Moscoso

No sexas parvo, só vin falar con ela.

Pitu Kowalski

Se lle chamas falar a pedir outra oportunidade axeonllado aos seus pes...

Lucho sorrí e menea a cabeza cheo de falsa incredulidade, pero sen palabras para contradicir ó Pitu Kowalski.

Pitu Kowalski

Todos os mozos que se lle achegan rematan igual... Pero a culpa non é dela.

Lucho Moscoso

Se sempre pasa o mesmo e os pretendentes cambian, a culpan ten que ser dela, non?

Pitu Kowalski

Din que para conquistar a unha nai hai que empezar polos fillos? Pois isto é igual... A culpa é do vello. Ó principio fai ver que está encantado, pero pouco a pouco vai roendo nela ata que a convence de que o rapaz non lle paga a pena. Nahuel é moi celoso.

A Lucho incomódalle a perspicacia do rapaz. Non sabe se negar ou botar máis leña ao lume.

Lucho Moscoso

É máis que iso.

Pitu Kowalski

Tampouco te poñas trágico... non o fai por mal, galego, o que pasa e que está namorado da súa filla.

Lucho Moscoso

Sabes que durante a dictadura foi confidente dos milicos?

Agora é o Pitu Kowalski o que non se remexe. Tarda un instante en contestar.

Pitu Kowalski

Veña, galego, vai de aí. Nahuel e moi celoso, pero é boa persoa.

Lucho Moscoso

Seino por xente que foi detida pola súa culpa.

Pitu Kowalski

Estás tolo, galego. Es máis celoso aínda que el... Nahuel, un delator... Se sempre está disposto a axudar aos demais. Todo o mundo o coñece neste barrio. Pregunta por aí se queres. Xa me gustaría que fora o meu pai en vez do que me tocou en sorte. O tolo Kowalski, ese si que era un fillo de puta, galego. Ese era capaz de calquera cousa, pero Nahuel non...

Lucho Moscoso

Veú de Mar del Plata no setenta e nove. Ninguén o coñecía cando empezou unha nova vida...

Pitu Kowalski

Fora de aquí... Veña, fora agora mesmo antes de que che rompa as costas a bastonadas. Fillo de puta! Galego de merda!!

Lucho obedece e sae do bar. Pero non marcha de contado. Queda na rúa esperando, observando as sombras que veñen e van. De seguida chega Valeria, que parece dubidar se dar un rodeo para afastarse, pero finalmente continúa camiñando cara a el. Ca súa chegada remata o eclipse, a luz volve a ser branca e máis intensa. Valeria detense xunto a el.

Valeria

Que queres?

Lucho Moscoso

Quería que acabara o eclipse... e parece que xa remata.

Valeria

Si, pero é un miraxe, Lucho. De seguida vai vir a noite e hai que ter coidado con estas luces que enganan a vista... As mulleres poden parecer moito máis fermosas do que en realidade son... E cando chega o día os homes non saben como dicirlles que queren marchar.

Lucho Moscoso

Coñezo de memoria a túa cara.

Valeria

Foi un capricho, galego. Marcha tranquilo. Ninguén che vai pedir contas.

Lucho Moscoso

Ven comigo a España. Se queres casamos para que teñas a nacionalidade. Así terías permiso de traballo.

Valeria

Estás de broma?

Lucho Moscoso

Non. Dígocho en serio. Cando viren non imaxinaba que puidera pasar isto, pero pasou... Teño cartos e se casas non che vai faltar de nada.

Efectivamente, Valeria tiña razón. A noite, que estaba agochada ó axexo, comeza a caer sobre eles.

Valeria

Pero por quen me tomas, Lucho? Cres que podes vir aquí ofrecéndome un cacho de pan como se fose unha mendiga? Para facer un trato así é mellor que vaias a un prostíbulo. Eu teño aquí a miña vida e a miña familia.

Lucho Moscoso

E si non fose así?

Valeria

Si a miña aboa tivese barba sería o meu avó. Non sei de que me falas.

Lucho Moscoso

E si o teu pai non fose teu pai?

Valeria

Viraches tolo, galego?

Lucho Moscoso

Neste país hai moitos nenos que viviron secuestrados sen coñecer a súa situación. Sábelo mellor ca min.

Valeria

Todo o mundo di que somos cuspidiños en todo, Lucho. Non lle busques as voltas. Se teño que elixir entre Nahuel e ti, escollo ao meu pai.

Lucho Moscoso

Qué máis sabes da túa familia, Valeria? Qué sabes da túa nai?

Valeria

Xa cho dixen, morreu cando eu era moi pequena.

Lucho Moscoso

Tes algún recordo? Viches algunha foto?

Valeria

Queimounas meu pai... botaba tanto de menos á miña nai que non podía soportar ver a súa imaxe nas fotografías, e un día queimounas todas para que o recordo non acabara con el.

Lucho Moscoso

Pode ser certo, pero tamén podería ser que non teñas fotos porque fuches roubada a uns pais que nunca poderían criarte... porque estaban mortos.

Valeria

Aparta da miña vista.

Valeria afástase del e vai cara ao bar sen volver a vista atrás. Lucho marcha desesperado.

Valeria entra no bar e vai sentar a unha mesa. Pitu decátase de que algo lle pasa, pero non sabe se falar ou calar o que lle dixo Lucho.

Pitu Kowalski

Boas noites, Valeria.

Valeria

Ola, Pitu.

Pitu Kowalski

Queres tomar algo?

Valeria menea a cabeza. Pitu trata de atopar algunha actividade que o distraia do que lle está a envelenar a alma, pero non da con ela.

Pitu Kowalski

Viches ó galego?

Valeria

Vin, si.

Pitu espera a que ela di algo antes de soltar o que leva dentro.

Pitu Kowalski

A ti tamén che contou esas cousas raras que anda dicindo...? (Valeria asinte) Virou tolo. Díxome que Nahuel fora confidente dos militares.

Valeria reacciona con noxo diante desa nova revelación.

Pitu Kowalski

Boteino fora do bar. Díxenlle que non cría unha palabra e boteino fora a patadas... Vaia fillo de puta. Mira como lle paga ó teu pai que o axudara...

Valeria

É porque deixei de saír con el, por iso anda dicindo esas cousas... Por despeito. Para vingarse de min. Entendes?

Pitu Kowalski

Xa lle dixen que eu non o cría... Iso é imposible, aínda que ninguén coñecera a Nahuel antes de vir de Mar del Plata, verdade? Verdade que é imposible de todo?

Valeria

Claro que é imposible. Os homes celosos, cando son rexeitados, poden inventar calquera cousa.

Pitu asinte satisfeito, pero non pode evitar que a dúbida siga roendo nel. Valeria xa non aguanta máis eponse en pe disposta a marchar. Intenta evitar que se lle noten as ganas de saír correndo.

Valeria

Vou ir marchando xa. Estou un pouco revolta. Non che importa pechar ti esta noite?

Pitu meneia a cabeza. Dáse conta do afectada que está Valeria pero pretende finxir que non percebe nada. Valeria marcha feita un mar de dúbidas.

Cando queda só vai á barra e sérvese unha copa de augardente. Bébea mentres mira o local con expresión incrédula.

Pitu Kowalski

Me cago na puta que pariu un...

Vai onde se gardan os cartos da recadación, cóntaos e volve a poñelos onde estaban. Resolla. Mira de novo os cartos. Rosma entre dentes algunha maldición

mentres intenta frear a man, que quere ir atrás deles. Finalmente a man ten máis forza que el e colle o diñeiro nunha presada. Vai beber outra copa de augardente antes de marchar correndo coa botella na man, deixando o bar aberto.

Pitu Kowalski

Fillo de puta. Fillo de puta!

O bar queda solo. Baleiro nesa noite escura que seguiu ó eclipse. Nin sequera unha sombra cruza pola rúa.

Nahuel aparece detrás da esquina. Ven cantaruxando, quizais asubiando unha cantiga alcohólica. Cando chega á altura da porta e descubre que o bar está aberto, entra sorprendido. De seguida ve que non está recollido.

Nahuel Ortigueira

Pitu!

Vai onde se gardan os cartos e ve que desapareceron. Cáeselle a alma aos pes pensando na traizón do rapaz.

Nahuel Ortigueira

Pero cómo é posible?

Nahuel sèrvese un vaso e comeza a beber a súa amargura. Escoitamos voces, gritos que chegan desde as bambolinas, desde detrás dos espectadores, queixas de homes que xa non teñen forzas para berrar.

Nahuel tapa os oídos, pero como as queixas non cesan comeza a contarlle ao público.

Nahuel Ortigueira

Escoito voces terribles. Voces de homes e mulleres que choran como nenos pequenos. Avanzo polo corredor, que está cheo de portas, e vou abrindo e entrando en todos os cuartos. Pero están baleiros, escuros. Vou apalpando polas paredes e non encontro nada. Só o formigón espido que me vai facendo feridas nos dedos. Cada vez apuro máis, porque as voces seguen, os berros, os choros desamparados. As mans dóenme como se un can estivese roendo nelas, pero chucho o meu propio sangue dos dedos e sigo abrindo portas, sigo avanzando polo corredor, e canto máis corro máis se afastan as voces, ata que chega un momento en que xa non se escoita nada. O corredor queda nun

silencio completo, nun silencio de cemiterio que sona na miña cabeza como o estrondo dun raio ó resgar o ceo. Daquela esperto sobresaltado e salto da cama ca mesma ansia do soño. Vou ó cuarto de Valeria tratando de non facer ruído para non espertala e teño que mirala un tempo, teño que asegurarme de que está comigo, teño que vela durmir ca súa respiración tranquila para poder volver á cama, pero aínda así, esas noites xa non podo durmir máis.

A escuridade total apodérase da escena mentres Nahuel observa á súa filla durmida.

NEGRO.

Un novo día comeza. Nahuel limpa, preparando o local para atender aos clientes. Valeria entra e vai darlle un bico ao seu pai.

Nahuel Ortigueira

Bos días. Qué milagre que baixes tan cedo?

Valeria

Bos días. Quedei para repasar cunha compañeira antes do exame.

Nahuel Ortigueira

Fágoche un café?

Valeria

Gracias, xa o tomei na casa.

Nahuel pregúntase se a visita ten algún propósito concreto, pero non se atreve a preguntarllo a ela.

Valeria

Soubeches algo de Pitu?

Nahuel Ortigueira

Despois do que fixo, non sei se se atreverá a volver...

Valeria

E si non volvera?

Nahuel Ortigueira

Non sei, vou esperar un pouco. O rapaz é boa persoa, estará avergoñado polo que fixo...
Non sei que lle pasaría pero estráñame moito que me fixera iso.

Valeria

Se queres podo volver a facer a miña quenda.

Nahuel Ortigueira

Non te preocupes. Xa me apañarei... Pásache algo co galego?

Valeria

Levouno o vento... Desapareceu co eclipse, igual que Pitu.

Nahuel Ortigueira

A modo. Eu pensaba que... pensaba que vos levabades ben o galegiño e máis ti.

Valeria

Só era un capricho.

Nahuel Ortigueira

Un capricho de quen?

Valeria

Supoño que dos dous. Pero xa da o mesmo. Acabou o conto.

Nahuel achégase a súa filla e dálle unha aperta cariñosa.

Valeria

Papá, nunca te arrepentiches de ter queimado as fotos da miña nai?

Nahuel suspira. Os vellos tempos sempre o enchen de agonía.

Nahuel Ortigueira

Si, claro que si... Agora gustaríame ter unha foto dela. Pero xa é tarde. Ese conto tamén morreu hai moitos anos.

Valeria

Estes días pensei moito nela. Gustaríame tanto poder a lo menos saber como era a súa cara.

Nahuel Ortigueira

Pois mírate nun espello. Parecíase moito a ti.

Valeria

...E non haberá algunha foto por aí na casa dalgún parente de Mar del Plata.

Nahuel afástase dela repentinamente tenso.

Nahuel Ortigueira

Non me deas a lata cos parentes, muller. Qué se che perdeu agora con eles?

Valeria

Non é polos parentes. É por miña nai, por ver se teñen fotos de...

Nahuel Ortigueira

Pero que fotos, Valeria?! Os tíos morreron e só quedan dous ou tres primos máis novos que ti! Eles nin coñeceron! Por qué ían gardar algunha foto da túa nai?!

Valeria

Por qué te pos así?

Nahuel trata de tranquilizarse.

Nahuel Ortigueira

Perdóame, filliña... Cando acordo dela sempre me... Hai polo menos quince anos que non sei nada deles. Nin sequera fun ao enterro do tío Federico... Non vou escribir agora para preguntar se teñen fotos da túa nai. Non entendes?

Valeria mira ao seu pai con certa incredulidade, pero acepta as súas explicacións. Vai a darlle outro bico antes de marchar.

Valeria

Está ben, papá. Non te preocupes tanto, que non ten importancia... Marcho á universidade.

Valeria sae deixando a Nahuel preocupado mentres volve a limpar como no principio da escena.

NEGRO.

Un haz de luz descobre Tobías xunto a unha luz. O taxista fálalle ao público.

Tobías Fernández

No taxi, o primeiro e o negocio. Hai que cumprir porque a muller e os fillos están na casa e queren comer, queren roupa, queren calzado. Eles non saben de dereitos nin de deberes. Espertan e queren almorzar como todo o mundo... Se chego a ter parado quen sabe o que tería pasado. A culpa foi del porque xa era moi vello. Ó día seguinte lin no periódico que tiña oitenta anos. Eu case que nin o toquei, foi un roce... Se non fose tan vello igual non lle pasaba nada, pero eu non teño culpa de que fose vello. Morreu desangrado, claro que si, pero se o metera no coche, que ía dicir o meu xefe? Perdería o día todo en limpar o sangue. E quen sabe, igual tiña que pagar unha indemnización, aínda por riba de que o babilo cruzou sen mirar. Os vellos sempre cruzan sen mirar, mala chispa os confunda, pero nese momento eu ía un pouco máis rápido do permitido e a velocidade pódese calcular moi ben pola marca da freada... Levaba un día horrible e acababa de deixar a un cliente, quería chegar a Plaza Italia para ver se aproveitaba a boa racha. Se chego a parar igual me despedía o xefe, ou quitábanme a licencia... Os meus fillos están primeiro. Non din que a familia é o primeiro...? Non vai importar máis un vello estúpido, un vello desdentado e cabrón que os fillos de un... Non é certo?

Durante a explicación de Tobías, unha das sombras camiña encurvada, usando un bastón. Cando o son dun auto pasando a toda velocidade faino xirar sobre el mesmo e caer no chan. Tobías achégase a el pero non fai nada por axudalo, despois achégase outra sombra e outra. Entre os dous sacan ao vello da escena. Cando Tobías remata o monólogo volve o NEGRO.

A luz descobre o cuarto de hotel. A mesma luz e a mesma frialdade. Lucho sentado na súa cama, quieto, loitando con el mesmo sen mover un músculo. Finalmente ponse en pe, colle a pistola e sae.

NEGRO.

A luz descobre a Enzo e Tobías veñen escandalizando pola rúa. Enzo vai diante, perseguido por Tobías, que está feito un basilisco.

Tobías Fernández

Mira a min non me contes contos, entendes?

Enzo Sardi

Non é conto ningún. Xa sabes o que pasou.

Tobías Fernández

Pero impórtame catro farrapos de gaita, enténdesme, poeta? Mañá hai que seguir traballando e nada máis.

Os dous chegan ao bar e entran diante da sorpresa de Nahuel, que non ten costume de velos enredarse desa forma.

Enzo Sardi

Pois me parece que xa sabes que non vai ser así.

Nahuel Ortigueira

Pero qué vos pasa? Porque lle berras desa maneira?

Tobías Fernández

Pasa que este cabestro fillo de sete madres esnaquizou o coche contra unha árbore e deixouno feito unha merda... e agora di que non responde.

Enzo Sardi

Cómo que non respondo? O que digo é que teremos que ir pagando a reparación entre os dous.

Tobías Fernández

Ti estas tolo, poeta. Que eu saiba non conduciamos os dous. Se non sabes levar un coche con seguridade, terás que saber pagalo. É o lóxico.

Nahuel Ortigueira

Pero porqué non falas co seguro?

Enzo Sardi

Porque non temos seguro. Entendes? Díxome que tiña un boísimo pero só ten uns papeis falsos por se nos para a policía.

Tobías Fernández

Porque sei conducir. Entendes, fillo de cocha? Cómo carallo se me ocorrería xuntarme con un subnormal coma ti?

Enzo Sardi

Se cadra porque es moito máis parvo ca min... Ademais de fillo de puta.

Tobías está a piques de botarse sobre Enzo, pero Nahuel métese no medio dos dous para tratar de arrefriar os ánimos.

Nahuel Ortigueira

Queredes facer o favor de calmarvos e falar as cousas con calma?

Tobías Fernández

Mira eu non quero saber nada máis. Cando cambiamos a quenda dinche un coche en perfecto estado de funcionamento e iso é o que me tes que devolver. E non me pidas un peso porque non o penso poñer. Tes vinte e catro horas. Se non cumpres ímonos ver as caras. Avísote.

Tobías sae de moi mal talante. Enzo vai sentarse moi abatido. Nahuel, que está preocupado pola situación e intenta consolalo servíndolle unha copa, non sabe que dicir para levantarlle o ánimo.

Enzo Sardi

Estamos todos metidos na merda, Nahuel.

Nahuel Ortigueira

Xa nos iremos amañando. Polos cartos non podemos deixarnos afondar.

Enzo Sardi

Parece que temos a negra. Todo vai ao carallo, Nahuel. Algunha vez pensaches que Tobías e máis eu podíamos perder a nosa amizade...? E ademais Valeria rompe co galego, ti levas ese desgusto co Pitu Kowalski... Todo xunto como se fose unha maldición. A quen se lle conte non o cre.

Nahuel vai decaendo de ánimo segundo escoita os argumentos de Enzo e termina por sentar con el.

Nahuel Ortigueira

Pensei que podía confiar nel, pero se ve que ninguén se libra do pasado tan facilmente.

Enzo Sardi

Se cadra, agora que xa pasou o peor, ten que chegar a redención.

Nahuel Ortigueira

Ti cres que os homes poden cambiar?

Enzo Sardi

Claro.

Nahuel Ortigueira

As veces penso que so se pode escapar da miseria pasando a mellor vida.

Enzo Sardi

Non fai falta chegar a tanto.

Nahuel Ortigueira

Oxalá tiveses razón. Pero es demasiado optimista...

Enzo Sardi

A vontade move montañas. E se non, sempre queda a de Mahoma, non é certo? Imos nos á montaña e facemos por amañar as cousas aínda que sexa de poucos en poucos.

Nahuel Ortigueira

A min estáseme acabando a fe, Enzo. Mesmo as forzas estánseme acabando ...

Enzo Sardi

Desde logo, se xa falas con tanto pesimismo como o galego, imos mal...

Nahuel Ortigueira

Desde que chegou con esa desconfianza non trouxo máis que desgracias.

Enzo Sardi

Pareceume velo nunha esquina cando viñamos. Mesmo semellaba un ánima en pena, o pobre. Creo que de verdade está namorado da túa filla.

Nahuel suspira.

Nahuel Ortigueira

Non me vai deixar en paz... Valeria afástase de min pola súa culpa, como se lle tivera contaxiado a desconfianza... Esta noite non veu durmir e nin chamou para avisar... Ti non tes fillos, poeta, e non sabes o que é pasar a noite en vela esperando por eles.

Agora é Nahuel o que semella estar máis apesarado dos dous. Enzo mirao con ironía.

Enzo Sardi

Que non che pareza mal, pero estasme deprimindo falar contigo. Vou ver de meterme nun leito quente para escorrentar esta agonía.

Nahuel asinte sen palabras e Enzo marcha despois de darlle unha palmada nas costas.

Nahuel non pode estar de peor ánimo. Daquela sona o teléfono do bar. Nahuel apresúrase a descolgar.

Nahuel Ortigueira

Valeria...? Pero por qué non me chamaches antes...? Qué...? Dime a verdade, qué foi o que che dixo o galego...? Non o digo por nada, pero... Estás con el...? Daquela con quen estás? Estás cun home...? E por qué non haberías estar con...? A quen lle vai importar se non...? Pero qué che pasa, Valeria. Cando volves...? Non me digas que non o sabes... Valeria escóitame ben, tes que volver agor...

Nahuel queda calado. É evidente que cortaron a comunicación no outro lado. Senta moi abatido e engurra o rostro corrompido polas bágoas. Leva as mans á cara intentando recompoñerse, pero non pode.

Na rúa, Lucho achégase ó bar camiñando furtivamente.

Nahuel levántase desesperado e vai cara a rebotica.

Lucho entra silandeiiramente e agóchase a esperar que apareza no bar. Na súa man volve a asomar a vella amiga de ferro, aquela que non utilizou pola chegada de Valeria.

Nahuel fai un nó corredizo nunha corda e sube a unha cadeira. Mira cara arriba na procura de algo onde colgar a corda.

Lucho vixía con coidado de non ser descuberto. Vaise acercando á rebotica, pero cando consegue ver o que Nahuel está a facer, decátase do absurdo da súa situación, intentando a matar a un suicida.

Nahuel dispónse a probar o nó no seu pescozo.

Lucho debátese na dúbida, pero comprende que, para querer quitarse a vida, Nahuel ten que estar vivindo nun inferno. Se o deixa matarse, permítelle escapar sen cumprir o seu castigo, así que mete a pistola no cinto e vai a enfrontarse con el, armado soamente de palabras.

Lucho Moscoso
Qué fas, Nahuel?

Nahuel baixa da cadeira, avergoñado.

Nahuel Ortigueira
Nada... estaba... unha tea de araña que non sei como desfacerme dela.

Tira a corda ao chan tratando de disimular e sae da rebotica seguido de Lucho.

Lucho Moscoso
Nunca escoitei que os suicidios acabaran cas teas de araña.

Nahuel, está tan incómodo que non sabe que contestar. Pretende concentrarse limpando uns vasos, como se iso fora unha boa razón para non contestar a Lucho.

Lucho Moscoso
De qué escapa un home que elixe colgarse dunha viga?

Nahuel Ortigueira
Non pensaba colgarme, só o facía por... non sei, por saber o que se sinte. Qué sei eu...?

Lucho sorrí con aire burlón. Nahuel diríxelle unha mirada seria.

Nahuel Ortigueira
Por qué intentas afastarme da miña filla?

Lucho Moscoso

Pode que polo mesmo que che interrompín agora. Para castigarte.

Nahuel Ortigueira

Iso que levas no cinto é unha pistola?

Lucho Moscoso

Si, pero xa non me fai falla.

Nahuel Ortigueira

Pero ti quen es?

Lucho Moscoso

Xa sabes que me chamo Lucho, non che di nada ese nome?

Nahuel Ortigueira

Dime moitas cousas, pero coñecín a varios Luchos.

Lucho Moscoso

Son o fillo de Lucho Moscoso e Michaela Catania.

Nahuel senta nunha cadeira como un condenado senta no garrote.

Nahuel Ortigueira

Levo toda a vida temendo que puideras aparecer... Quén máis o sabe?

Lucho Moscoso

Só ti e máis eu.

Nahuel Ortigueira

E Valeria?

Lucho Moscoso

Ela non sabe quen son. Díxenlle que foras confidente dos militares e non o creu. Se me deixou foi precisamente por non separarse de ti... Ela non estaba no plan. Non sei se miña nai sabía da súa existencia.

Nahuel parece sorprendido por ese dato.

Lucho Moscoso

Sempre evitaba o relacionado con Arxentina. Intentaba que eu esquecera pero eu non podía. Doume o teu enderezo pouco antes de morrer. Pedíume que falase contigo para que me contaras e que ela non puido contarme... e que intentase perdoarte... Eu viren matarte, pero cando coñecín a Valeria xa non puiden facelo... e agora prefiro que vivas e pagues polo que fixeches.

De algunha maneira a información parece dar novos ánimos a Nahuel.

Nahuel Ortigueira

Daquela qué queres de min?

Lucho Moscoso

Sempre estiven encollido polo medo a saber quen son, polo medo a descubrir os pecados que ocultaba a miña nai, polo medo a saber si meu pai fora un terrorista... Só quero saber o que pasou... Por qué o fixeches?

Nahuel suspira. Cústalle moito confesar diante do fillo da súa vítima.

Nahuel Ortigueira

Por medo, por vinganza. Cando quedamos sen amor só nos queda o medo, e o medo e negro como a morte... Levaba tratando de construír algo que me defendese daquel medo, pero desde que chegaches sinto como as sombras volven a rodearme... Valeria afástase de min e Pitu, que era como outro fillo, róubame e desaparece...

Lucho Moscoso

Cómo que che rouba? Cando desapareceu?

Nahuel Ortigueira

A semana pasada, a noite do eclipse.

Lucho Moscoso

Esa foi a última noite que vin a Valeria, e tamén falei con el... pero ningún dos dous creume.

Nahuel Ortigueira

Paréceme que creron máis do que imaxinas... Pódoche pedir un favor?

Lucho Moscoso

Fala.

Nahuel Ortigueira

Ti es un bo rapaz e sabes o que significa perder o amor. Quedas tan baleiro que incluso o odio parece servir para encher o oco. Iso foi o que me pasou a min. Perdín a cabeza, pero levo anos intentando deixar atrás aquel erro.

Lucho Moscoso

Aquel erro custoulle a vida ó meu pai e desgraciou a da miña nai.

Nahuel Ortigueira

Xa sei que non podes perdoarme, Lucho. Só pretendo que me entendas. Só me queda unha oportunidade. Vai buscar a Pitu e pídelle que volva. Contareivos o que pasou. Quero confesar dunha vez, pero quero que el saiba polas miñas palabras e non polo que escoite da boca doutro.

Lucho Moscoso

E Valeria?

Nahuel Ortigueira

Esta noite non durmiu aquí. Dixo que estaría fora uns días... En canto volva tamén lle direi a verdade... Está con outro home, galego.

A información cae como unha lousa na cabeza de Lucho.

Lucho Moscoso

Xa o imaxinaba...

Nahuel Ortigueira

Síntoo moito, galego.

Lucho asinte e sae. Nahuel queda confundido e acovardado. Vai á rebotica, colle a corda pero cando vai a colgala de novo para consumir o seu suicidio arrepiñtese e comeza a desfacer o nó ca determinación dun home disposto a enfrontar o seu destino. A sirena dunha ambulancia recorre o espacio da gran cidade ao redor do bar.

NEGRO.

TERCER ACTO

O baldío de Irigoyen, como sempre poboado de sombras e resplandores de lume.

Lucho Moscoso camiña entre a escuridade e os sons de músicas distantes. Pitu Kowalski está, medio agachado, consumindo algunha droga barata. Cando escoita os pasos de Lucho reacciona cun sobresalto. Ponse en garda, intentando esconder a droga do alcance do intruso, pero tranquilízase cando o reconece.

Pitu Kowalski

Aínda andas por aquí, galego? Xa che facía noutro mundo...

Lucho Moscoso

Aínda estou neste.

Pitu Kowalski

Por fin ves comprar algo?

Lucho Moscoso

Non, só viren falar contigo.

Pitu Kowalski

E logo? Aínda tes máis contos que contar? Pareceche que aínda non me fodiches bastante?

Lucho Moscoso

Quizás tiña razón a miña nai e equivoqueime ao falarche. Por iso viren traer un mensaxe de Nahuel.

Pitu Kowalski

Que quere o acusón?

Lucho Moscoso

Quere darche outra oportunidade.

Pitu Kowalski

Non será ao revés?

Lucho Moscoso

Confiou en ti, douche traballo e roubácheslle.

Pitu Kowalski

O outro día eras o seu fiscal e hoxe pareces o levaetrae...

Lucho Moscoso

Todos merecemos unha segunda oportunidade.

Pitu Kowalski

Pode que non chegue con dúas, galego. Din que non hai dúas sen tres e que ata a terceira non vai a vencida.

Lucho Moscoso

Tratouche mal algunha vez?

Pitu Kowalski

A min...? Non. Qué dis? Comigo sempre foi mellor que un pai bo, pero...

Lucho Moscoso

Daquela quizás poidas darlle unha segunda oportunidade.

Pitu Kowalski

Estou ben aquí, galego.

Lucho Moscoso

Sentábache ben aquela chaqueta... Aínda a conservas?

Pitu Kowalski

Si, téñoa agachada.

Lucho Moscoso

Paréceme que estabas mellor no bar que aquí metendo porcalladas no corpo.

Pitu Kowalski

Pero xa gastei os cartos que lle roubei o outro día e non llos podó devolver.

Lucho saca a pistola do cinto e ofrécella ao rapaz.

Lucho Moscoso

Toma... Se a vendes podes devolverlle os cartos.

Pitu vai coller a pistola pero cambia de opinión e volve a baixar a man.

Pitu Kowalski

E ti que sacas con isto...? Non estarás intentando colgarme un morto, verdade?

Lucho Moscoso

Non, de verdade que non. Só quero escoitar a súa versión da historia... E el quere que ti tamén a escoites dos seus propios labios.

Pitu Kowalski

Daquela para qué mercaches a pistola?

Lucho Moscoso

Compreina antes de coñecervos. Intentaba agacharme detrás dunha bala pero dinme conta de que prefiro saber... xa non quero agacharme máis.

*Finalmente Pitu colle a pistola e, gardándoa no peto, marcha seguido de Lucho.
NEGRO.*

O bar de Nahuel. Baleiro. Triste. Apenas algunhas sombras de clientes que beben en silencio. Cando entran o galego e máis Pitu Kowalski as palabras non encontran o camiño para saír do peito de ningún deles, pero Nahuel comprende que chegou o momento de confesar. As sombras esvaecen cando o rapaz trae os cartos que roubase o outro día e vai deixalos sobre a barra. Nahuel pretende darlle unha aperta pero Pitu afástase del. Por uns instantes míranse en silencio.

Pitu Kowalski

É certo o que conta o galego?

Nahuel Ortigueira

E certo, pero o fixen porque estaba cego.

Lucho Moscoso

E a cegueira facíache denunciar aos compañeiros?

Nahuel Ortigueira

Só o fixen unha vez... Eu tiña unha moza e estaba tolo por ela. Quería casar, tiña un traballíño e era feliz pensando en formar a miña familia. Pero un día a rapaza díxome que estaba namorada doutro home... E o meu mundo derrubouse. Só quería morrer. Non podía soportar estar sen ela. Supoño que ti sabes quen era esa moza, non si, galego?

Lucho Moscoso

Non, só sei o que che dixen antes.

Nahuel Ortigueira

A moza chamábase Michaela Catania. Era a túa nai.

Lucho non da crédito diante desa revelación. Pitu achégase a el e cando Lucho intenta abalanzarse sobre Nahuel, Pitu agárrao.

Lucho Moscoso

Iso é mentira... Se fose certo tería que dicirmo cando me dixo...

Nahuel Ortigueira

Túa nai namorouse dun compañeiro meu. Chamábase coma ti, Lucho Moscoso. Era un sindicalista. Non é que fomos amigos, pero os dous simpatizabamos cos montoneros e coincidiamos moitas veces. El estaba un pouco máis metido ca min. Non sei se algún día chegou a tomar parte en algún atentado, pero creo que non. Ademais de traballar comigo, tamén vivía no meu barrio, así que os vía todos os días. Tiveron un fillo ó que chamaron Luis... Eu seguía falando ca túa nai porque ela conservaba a amizade comigo... e eu cría que podía seguir véndoa con outro sen perder a cabeza... Daquela chegou o golpe e foi como se chegara a noite. Todos andabamos acovardados. Algunha xente desaparecía e xa non a viamos máis. Tiñamos medo de ser detidos, pero eu aínda tiña máis medo de seguir vivindo sen Micaela... Un día colléronme e dixeron que se lles daba un nome deixaríanme ir... E delatei ó teu pai. Pensei que así podería recuperar o que el me quitara... Pero túa nai rexeitoume. Se queres á miña filla só a metade do que eu quería a túa nai, xa sabes o que pasou... e por qué fixen o que fixen.

Nahuel mira a Lucho esperando algunha reacción, pero o galego está tan sorprendido que non ten forzas.

Nahuel Ortigueira

Michaela marchou cando comprendeu que Lucho non sairía do cárcere e nunca volvín saber dela ata que apareciches ti... Xa ves, convertinme en verdugo por amor, e cada día da miña vida levo a morte do teu pai na conciencia... Pero o meu maior castigo é o recordo da mirada de Michaela cando me dixo que non quería verme máis...

Nahuel non pode seguir falando, pero agora si que aparecen incógnitas na mente de Lucho.

Lucho Moscoso

E a nai de Valeria?

Nahuel trata de recuperar a compostura, como se a vergonza non lle permitise mostrar os seus sentimentos diante do fillo da súa vítima.

Nahuel Ortigueira

A nai de Valeria morreu ao pouco de nacer ela e... Daquela foi cando viren a Bos Aires.

Pitu Kowalski

Es un cabrón de primeira, Nahuel.

Nahuel Ortigueira

Arrepíntome moito do que fixen... Cando se fai mal hai que intentar reparar o dano, pero se a ferida e mortal... Ti tamén sabes o que é o sufrimento. Non tes que preocuparte polo que fixeches o outro día.

Pitu Kowalski

Queres dicir que se me esquezo de que fuches un asasino perdóasme o terche roubado trescentos pesos.

Nahuel Ortigueira

Non, quero dicir que a chegada do galego fíxome pensar moito... Ti es un bo rapaz pero viviches nunha familia desgraciada e tiveches que escapar. Roubaches e fixeches o que puideches para vivir na rúa polos teus medios. Non o fixeches por gusto, pero non atopaches outra saída. Por iso non che estou ofrecendo un traballo, ofrézoche que veñas a vivir con nos, na nosa casa, con Valeria e comigo, como nunha familia... Temos dereito a seguir vivindo.

Pitu está sorprendido e emocionado, pero non se atreve a contestar. Mira a Lucho como pedíndolle permiso e o galego devólvelle unha mirada triste. Finalmente achégase a Nahuel e dálle unha aperta. Lucho observa a escena con emoción. Pitu parece un neno pequeno, por fin cunha esperanza de vida. Vai agora xunto a Lucho e dálle outra aperta.

Pitu Kowalski

Veña, galego. Agora xa sabes o que pasou e podes volver tranquilo. Síntoo moito, pero é certo que o dano é irreparable.

Lucho Moscoso

Dille a Valeria que teríame gustado despedirme dela, pero non teño valor.

Nahuel Ortigueira

Pero daquela marchas xa? Acabaches o traballo?

Lucho Moscoso

Nunca houbo tal traballo...

Pitu Kowalski

E tampouco era certo que che roubaran?

Lucho menea a cabeza nun xesto condescendente.

Nahuel Ortigueira

Escríbenos, galego. Xa lle direi a Valeria que che mande unhas liñas.

Lucho Moscoso mira ao verdugo do seu pai cheo de sentimentos encontrados. Comprende a ese home pero non pode perdoalo. Despois de darlle outra aperta a Pitu marcha tratando de evitar que a emoción nubre a súa mente. Pitu o mira cheo de emoción mentres Nahuel observa co corazón encollido.

NEGRO.

Só as sombras parecen poder vivir no bar de Nahuel. Enzo, Pitu e Nahuel están calados, mirando ó baleiro como se non se coñeceran. No ambiente hai algo de baile de autómatas. Entón chega Valeria, e a vida comeza de novo.

Pitu Kowalski

Valeria! Que alegría verte!

Enzo volve a vista sorrindo á rapaza, pero máis que ningún, Nahuel, parece revivir de súpeto. Vai xunto a ela e dálle unha aperta moi cariñosa.

Nahuel Ortigueira

Xa volviches... Miña nena, non sabes o que che botaba de menos.

Valeria

Perdoaches a Pitu... Alégrome moito.

Enzo Sardi

O rapaz merecía... E teu pai sabe apreciar ás boas persoas.

Pitu observa sorrindo con modestia, pero a ansia da confesión anunciada por Nahuel apértalle no estómago.

Valeria

Ola, Enzo. Qué tal che vai co taxi? Xa aprendiches de Tobías?

Enzo torce o xesto sen saber por onde empezar.

Pitu Kowalski

En estes tres días pasaron bastantes cousas. Agora terache que contar Nahuel...

Nahuel observa con preocupación a Pitu tratando de cortar esa conversa.

Nahuel Ortigueira

Veña, nena, vou contigo á casa e cóntasme como che foi.

Nahuel cóllea do brazo e vai con ela cara a fora. En canto saen á rúa e os outros xa non escoitan, Nahuel desafoga a súa angustia mentres camiña.

Nahuel Ortigueira

Gracias a Deus que xa volviches. Non sabes o mal que o pasei.

Despois de afastarse un pouco da entrada do bar Valeria párase para falar.

Valeria

Qué foi iso que tes que contarme?

Nahuel Ortigueira

Nada, muller. Cousas... que Enzo tivo un accidente e esnaquizou o coche, que volveu o Pitu e perdoeino...

Valeria

E que pasou co galego? Non se soubo máis nada del?

Nahuel Ortigueira

Parece que xa volveu alá. Que non che pareza mal, pero só andaba a procura de aventuras. Veu dicir que marchaba e estivo presumindo comigo das rapazas que coñeceu... Iso si, pedíume que me despedira de ti da súa parte... Veña, imos indo que ti tesme que contar porqué estiveches fora da casa. Anda neniña, que non sabes o que me fixeches sufrir.

Pitu achégase á porta do bar e observa a conversa entre pai e filla. Cando Nahuel se decata da súa presenza, colle a Valeria e vaise afastando con ela mentres a conversa continúa.

Pitu observa preocupado.

NEGRO.

O cuarto do hotel, máis frío que nunca. Lucho está rematando de encher unha maleta. Péchaa e senta xunto a ela con xesto derrotado. Daquela escoita o son de alguén chamando á porta. Vai a abrir. É Valeria.

Valeria

Podo pasar?

Lucho, que non era quen de moverse nin de falar, consegue por fin facerlle un xesto para que entre.

Valeria

De verdade pensabas marchar sen despedirte de min?

Lucho Moscoso

E que... cando teu pai contoume que estabas con outro...

Valeria

Díxoche que estaba con outro?

Lucho asinte en silencio, avergonzado. Daquela Valeria bótase ao seu pescozo e dálle un bico apaixonado.

Valeria

Quero marchar contigo, galego.

Lucho Moscoso

En serio? Xa non che importa separarte do teu pai?

A conversa aléternase con bicos e cariños.

Valeria

Minte, Lucho. Leva anos mentindo. Mentiu cando dixos que estaba con outro... Se cadra nin sequera é o meu pai. Quero marchar contigo e esquecer este pesadelo.

Lucho Moscoso

No podemos ir sen saber si o teu verdadeiro pai.

Valeria

Non quero velo máis.

Lucho Moscoso

Tes que sabelo. Eu pasei a vida sospeitando e xúroche que as dúbidas non deixan vivir.

Valeria

Pero teño medo, Lucho. Dáme medo que a verdade sexa peor ca dúbida.

Lucho Moscoso

Agora estamos xuntos, meu amor. Acabou o medo.

Valeria volve a apertar a Lucho.

NEGRO.

O bar está escuro cando o atardecer decae, igual que os ánimos. Enzo volve a estar sentado na mesa de sempre, mirando para onte. Pitu está na barra mentres Nahuel fai algo na rebotica. Cando termina e sae ao bar, entra Tobías que, para sorpresa de todos, vai sentar noutro extremo. Nahuel cruza unha mirada con Pitu que o anima a que fale.

Nahuel Ortigueira

Ola, Tobías. Qué milagre que non vaias sentar na túa mesa.

Tobías Fernández

Cheira, e o fedor ven da miña mesa.

Nahuel Ortigueira

Veña, home. Deixa as ironías e senta a falar como é debido.

Tobías Fernández

Qué queres que fale e con quen?

Nahuel Ortigueira

Quero que fales comigo e máis co poeta.

Tobías Fernández

Contigo podo falar o que queiras.

Nahuel Ortigueira

Teño algúns cartos aforrados... Se deixas de dicir parvadas podemos falar entre os tres e se cadra atopamos unha maneira de amañar o coche... Aínda queda outra oportunidade para sacar o negocio adiante...

Tobías, receptivo diante desa idea, vai sentar na mesa do poeta pero sen escatimarlle miradas de desprezo. Nahuel vai sentar con eles cando entra Valeria seguida de Lucho. As súas expresións non deixan lugar as dúbidas e Nahuel non senta cos outros.

Valeria

Marcho co galego. Vimos despedirnos de ti.

Nahuel Ortigueira

Non podedes.

Lucho Moscoso

Claro que podemos. Querémonos e imos casar en canto cheguemos alá.

Nahuel cae derrubado nunha cadeira como un oso abatido por un disparo.

Nahuel Ortigueira

Iso é imposible.

Valeria

Antes de marchar queremos que confeses toda a verdade dunha vez porque pode que non volvas verme.

Nahuel Ortigueira

Non digas iso, por favor. Non o digas nunca máis.

Valeria

Es o meu verdadeiro pai?

Nahuel Ortigueira

Claro que son o teu pai...

Valeria

O galego di que podería ser unha desas nenas roubadas. Nunca vin a miña nai, e tampouco coñezo proba algunha da súa existencia...

Nahuel leva as mans á cabeza. Enzo e máis Tobías póñense en pe diante desas terribles acusacións. Pitu observa temendo que Nahuel teña aínda máis pecados por confesar.

Nahuel Ortigueira

Cando lle confesei a verdade ao galego non puiden contarlle todo o que pasou.

Lucho Moscoso

Por qué non?

Nahuel Ortigueira

Porque tiña medo de perder a Valeria para sempre... Tedes que perdoarme...

Valeria

Fala dunha vez.

Nahuel Ortigueira

Cando o pai de Lucho estaba detido díxenlle á Michaela que podía facer que o soltaran... se ela se deitaba comigo... Eu non vía outra cousa no mundo, morría por volver aos seus brazos como cando eramos mozos. Por fin accedeu. Eu cría que podería namoralala outra vez. Desvelábame por ela, pero pasou pouco tempo, quizais non chegou a un mes, antes de que empezara a desconfiar. Eu lle dicía que pronto o soltarían, que xa o tiña falado, pero ela comprendeu que era mentira... Daquela dixo que non volvería a deitarse comigo. Eu xa non sabía que facer. Estaba tan perdido que cría virar tolo... Despois comezou dicir que se non conseguía que o soltaran ía descubrimme diante dos veciños. Daquela tamén a denunciei a ela, sen saber que estaba embarazada....

Valeria ten a mesma expresión que se acabase de recibir unha coitelada no ventre.

Nahuel Ortigueira

Túa nai non era Michaela Baresi era Michaela Catania. Dou a luz no cárcere e rexeitou á nena desde o primeiro momento. Cando o souben intentei emendar o erro pero só conseguín que me deixaran quedar coa miña propia filla.

Lucho colle un coitelo e vai cara o seu pescozo, pero Pitu interponse protexendo a Nahuel co seu propio peito. Enzo e Tobías agarran ó galego para que non cometa un disparate. O acusón só está pendente dos ollos da súa filla e non intenta defenderse. Valeria parece unha estatua de sal.

Tobías Fernández

Quieto, galego. Quieto, que así non amañas nada.

Enzo Sardi

Deixa o coitelo.

Lucho Moscoso

Es un fillo de puta. Non mereces vivir, cabrón. Non o mereces.

Pitu Kowalski

Cálmate galego. Foi un fillo de puta, pero agora xa non é así.

Lucho Moscoso

Por iso seguía mentindo, non? Cómo sabemos que por fin dixo a verdade?

Nahuel Ortigueira

Porque as mentiras son para ocultar algo... e non se pode confesar nada peor do que eu acabo de confesar, galego.

Valeria achégase a Nahuel camiñando debagar. O seu pai non se atreve a sosteollerlle a mirada. Todos observan expectantes.

Valeria

Mírame, papá.

Nahuel alza a vista cheo de vergonza. Valeria mírao con ollos cheos de lume por un instante, ata que Nahuel intenta collerlle a man. Daquela Valeria dálle unha labazada con todas as súas forzas.

Valeria

Marcho co meu irmán.

Sen esperar resposta, Valeria vai cara a porta. Alí espera polo galego, que vai xuntarse con ela e, colléndoa polos ombros, marcha rúa adiante, deixando o bar sumido na desesperación.

NEGRO.

O bar de Nahuel ten un aspecto estraño, aínda que aberto, semella estar abandonado. Lucho Moscoso chega pola rúa e entra. Recorre o local sorprendido de non atopar a ninguén.

Lucho Moscoso

Ola... non hai ninguén?

Segue mirando e cando se dispón a entrar na rebotica atopa a Pitu, sentado no chan, bebendo a morro dunha botella. O rapaz mírao cun sorriso estraño.

Pitu Kowalski

Qué fas aínda aquí? Non vas marchar nunca?

Lucho Moscoso

Fun a Formosa e a Bariloche con Valeria. Queríamos coñecer isto e antes de irnos.

Pitu Kowalski

Agora non veñas pedindo perdón, galego. Marcha e non volvas...

Lucho Moscoso

Perdón é una palabra moi grande, Pitu, pero non viren pedir perdón.

Pitu Kowalski

Nin eu cho daría, hai cousas que non perdoarei nunca.

Lucho Moscoso

Vouche dicir unha cousa, Pitu. Miña nai tiña motivos para odiar... pero dicía que o que non se pode perdoar é mellor esquecelo... eu cría que estaba equivocada, pero agora creo que tiña razón. Alégrome de non ter matado a Nahuel.

Pitu Kowalski

Es un parvo, galego.

Lucho Moscoso

E ti qué fas aí? Así é como che ensina o oficio Nahuel?

Pitu ponse en pe collendo un coitelo con xesto ameazante.

Pitu Kowalski

Es un fillo de mil putas, galego. Non che permito que aínda por riba veñas rirte de min...

Lucho Moscoso

Qué che pasa? Imos marchar a Europa. Valeria non quere falar con el, pero segue sendo o seu pai. Quizais algún día... Por iso quería...

Pitu Kowalski

Queres calar dunha vez?

Lucho Moscoso

Onde está Nahuel?

Pitu Moscoso

Onde vai estar? Onde ti o mandaches. Está no cemiterio. Aforcouse unha semana despois de que marcharas con Valeria... Cres que podes chegar do outro mundo e amañar as cousas...?

Lucho Moscoso

Pero se eu só... eu...

Pitu Kowalski

Levo toda a miña vida recibindo golpes, toda a puta vida arrastrándome como un can, e cando pensaba que por fin atopara unha familia aparece o señor galego disposto a amañar as cousas...

A consternación fai presa en Lucho que non atopa unha saída.

Lucho Moscoso

Pero... que vai ser do bar?

Pitu Kowalski

Todo era de aluguer... Os cartos que tivese no banco podedes ir retiralos canto antes. O bar desaparece, igual que o taxi de Tobías e o poeta... Non trouxeches máis que ruína cas túas preguntas e as túas respostas de galego monicreque. Todo marchou ao carallo.....

Lucho Moscoso

Queres vir con nos?

Pitu Kowalski

Vas dicir o mesmo mañá, galego...? Quizais dentro dun mes arrepínteste de verme convidado e estás tolo por botarme da túa casa... Non te das conta de que eu sería o único que sabe que te deitas ca túa irmá...?

Lucho comprende que o rapaz ten razón. Non sabe que facer.

Lucho Moscoso

Tesme que perdoar, Pitu.

Pitu Kowalski

Ti o dixeches, galego... Perdón é unha palabra moi grande, pero todos temos algo do que arrepentirmos.

O rapaz da un grollo á botella e ofrécella a Lucho que a colle con ansia e bebe tamén a morro. Reflexiona apesado mirando o chan e cando intenta devolverlla a Pitu decátase de que o rapaz xa marchou. Vai a porta do bar e mira a rúa, pero xa non hai trazas del. Desapareceu entre as sombras que pululan polas beirarrúas de Bos Aires, protexido polos rúidos do tráfico.

O galego non se pode mover, non ten palabras, non ten vontade. Queda de pe, espido diante do público sen saber que facer até que, moi a modo, a luz esvaece por completo.

Héctor Carré
Crendes. Outubro 2008